

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 27 DE ABRIL DE 2016

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de abril de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asiste con escusa, don Manuel María Mora Pita da Veiga, do PP.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Verónica M^a Otero López, secretaria accidental.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente do día 16 de marzo de 2016

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente do día 16 de marzo de 2016.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron á citada sesión [os cinco concelleiros presentes do PP; os cinco concelleiros de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e o concelleiro non adscrito], aproba o citado borrador.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Toma de coñecemento dos escritos presentados polos voceiros dos grupos políticos respecto da adscrición de concelleiros ás Comisións Informativas Permanentes e á Comisión Especial de Contas, e da Resolución de Alcaldía núm. 535/2016, do 6 de abril, respecto da presidencia efectiva das comisións informativas

De orde do Sr. presidente dáse conta dos escritos presentados polos voceiros dos grupos políticos municipais, nos que se conteñen os concelleiros que se asignan por cada grupo ás distintas Comisións Informativas:

- escrito asinado polo voceiro do PSdeG-PSOE, rexistrado de entrada ao núm. 0/2725 o día 4 de abril de 2016
- escrito asinado polo voceiro de UxC, rexistrado de entrada ao núm. 0/2744 o día 4 de abril de 2016
- escrito asinado polo voceiro do PP, rexistrado de entrada ao núm. 0/2765 o día 5 de abril de 2016
- escrito asinado polo voceiro suplente de ACdC-SON, rexistrado de entrada ao núm. 9/37 o día 5 de abril de 2016
- escrito presentado polo voceiro do BNG, rexistrado de entrada ao núm. 0/2809 o día 6 de abril de 2016

De conformidade coas asignacións efectuadas, as comisións informativas quedan integradas polos concelleiros tal e como a continuación se relacionan:

A) Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación

PP

Titular	Suplente
Juan M ^a Abalo Castex	Rocío Vila Díaz
Marta Vázquez Golpe	Manuel Mora y Pita da Veiga

UxC

Titular	Suplente
Óscar A. García Patiño	Elisa Pestonit Barreiros
M ^a Dolores B. García Fernández	Ramón Boga Moscoso

PSdeG-PSOE

Titular	Suplente
Josefa Vázquez Soto	Juan E. Rodríguez Vázquez
M ^a Jesús Gómez González	Leonor Fernández Grande

ACdC-SON

Titular	Suplente
M ^a Olga Santos López	Antonio Bruquetas Santos

BNG

Titular	Suplente
Brais Cubeiro Fernández	Daniel Carballada Rodríguez

Grupo Mixto (C's)

Titular
M ^a José García Hidalgo

Concelleiro non adscrito

Titular
Jesús Bao Bouzas

B) Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico

PP

Titular	Suplente
Rocío Vila Díaz	Juan M ^a Abalo Castex
Manuel Rivas Caridad	M ^a Jesús González Roel

UxC

Titular	Suplente
Óscar García Patiño	Elisa Pestonit Barreiros
Juan González Leirós	M ^a Dolores B. García Fernández

PSdeG-PSOE

Titular	Suplente
Leonor Fernández Grande	M ^a Jesús Gómez González
Juan Evaristo Rodríguez Vázquez	Josefa Vázquez Soto

ACdC-SON

Titular	Suplente
Antonio Bruquetas Santos	M ^a Olga Santos López

BNG

Titular	Suplente
Brais Cubeiro Fernández	Daniel Carballada Rodríguez

Grupo Mixto (C's)

Titular
M ^a José García Hidalgo

Concelleiro non adscrito

Titular
Jesús Bao Bouzas

C) Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social

PP

Titular	Suplente
M ^a Jesús González Roel	Manuel Rivas Caridad
Manuel Mora y Pita da Veiga	Marta Vázquez Golpe

UxC

Titular	Suplente
Elisa Pestonit Barreiros	M ^a Dolores B. García Fernández
Ramón Boga Moscoso	Juan González Leirós

PSdeG-PSOE

Titular	Suplente
M ^a Jesús Gómez González	Josefa Vázquez Soto
Juan E. Rodríguez Vázquez	Leonor Fernández Grande

ACdC-SON

Titular	Suplente
Antonio Bruquetas Santos	M ^a Olga Santos López

BNG

Titular	Suplente
Daniel Carballada Rodríguez	Brais Cubeiro Fernández



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Grupo Mixto (C's)

Titular

M^a José García Hidalgo

Concelleiro non adscrito

Titular

Jesús Bao Bouzas

D) Comisión Especial de Contas

PP

Titular	Suplente
Marta Vázquez Golpe	Rocío Vila Díaz
Manuel Rivas Caridad	Juan M ^a Abalo Castex

UxC

Titular	Suplente
Oscar A. García Patiño	Ramón Boga Moscoso
Juan González Leirós	Elisa Pestonit Barreiros

PSdeG-PSOE

Titular	Suplente
Juan E. Rodríguez Vázquez	Leonor Fernández Grande
M ^a Jesús Gómez González	Josefa Vázquez Soto

ACdC-SON

Titular	Suplente
M ^a Olga Santos López	Antonio Bruquetas Santos

BNG

Titular	Suplente
Daniel Carballada Rodríguez	Brais Cubeiro Fernández

Grupo Mixto (C's)

Titular

M^a José García Hidalgo

Concelleiro non adscrito

Titular

Jesús Bao Bouzas

A continuación, dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 535/2016, do 6 de abril, respecto da presidencia efectiva das comisións informativas, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Como alcalde do Concello de Cambre manter a presidencia efectiva da Comisión Informativa permanente de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación e da Comisión Informativa permanente de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico.

Segundo: Delegar a presidencia efectiva da Comisión Informativa permanente de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social en dona Elisa Pestonit Barreiros.

Terceiro: A teor do previsto nos artigos 41 d) e 80.1 a) do Regulamento orgánico municipal, notifíquese á interesada, publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*, e déase conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

2.2. Toma de coñecemento da Resolución núm. 522/2016, do 1 de abril, de modificación dos membros da Corporación que desempeñarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, as súas retribucións, e coñecemento e aceptación dos cargos

De orde do Sr. presidente dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 522/2016, do 1 de abril, que consta da seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Modificar o apartado primeiro da parte dispositiva da Resolución de Alcaldía núm. 1145/2015, do 3 de xullo, e, polo tanto, establecer que os membros da Corporación que exercerán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, coas retribucións acordadas polo Pleno municipal en sesión extraordinaria do 2 de xullo de 2015 e sesión ordinaria do 30 de marzo de 2016, son os seguintes:

- Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio
- Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Xuventude
- Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes
- Dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo
- Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico
- Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira delegada da Área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación
- Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 19.3 do Regulamento orgánico municipal, notifíquese aos concelleiros/as designados para os efectos da súa aceptación expresa, e posterior comunicación ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. A aceptación deberá producirse no prazo dos dez días seguintes dende a notificación. Transcorrido o dito prazo, entenderase que non acepta o cargo.

Terceiro: Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, unha vez aceptados os cargos, publíquese a presente resolución no *Boletín Oficial da Provincia*, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal."

Faise constar que, con data 1 de abril de 2016, os señores concelleiros delegados de área aceptaron desempeñar os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, coas obrigas que iso comporta.

2.3. Toma de coñecemento do informe da Intervención municipal emitido en cumprimento do disposto no artigo 218 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

De orde do Sr. presidente dáse conta do informe emitido polo interventor municipal, de data 28 de marzo de 2016, no que se conclúe que:

"Cumprindo a obriga establecida remítese informe que ten como Anexo todos os informes de reparo emitidos por esta Intervención ao longo do 2015 co fin do seu coñecemento polo Pleno, prescindindo doutro tipo de consideracións tal e como obriga o artigo 218 do TRLRHL e deberá formar parte dun punto independente na orde do día do pleno."

O importe total dos reparos é de 2.113.845,02 euros, sobre un total de obrigas recoñecidas en 2015, segundo a liquidación provisional, de 14.855.014,46 euros, o que supón unha importancia relativa do 14,23%.

Consta no expediente escrito do Sr. alcalde, de data 29 de marzo de 2016, respecto dos motivos do levantamento de reparos formulados pola Intervención municipal.

2.4. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 6/2016

O Sr. alcalde explica que, como xa se informou nun correo electrónico que se enviou a todos os voceiros, por un problema técnico, nesta ocasión non foi por un problema de deixamento ou de falta de tempo por parte do Goberno, senón por un problema técnico, enviouse a documentación tarde, despois de que saíra o asunto na prensa, cousa que non lle gusta a ninguén, por suposto que a eles tampouco, e por iso piden desculpas.

Di que, se non teñen ningún problema, van retirar este punto da orde do día, para tratalo nunha xunta de voceiros urxente a próxima semana, co fin de non dilatar no tempo este asunto.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o Goberno é libre de retirar o punto da orde do día. Aceptan as desculpas por saír na prensa dicindo que se retiraba antes de mandar nin sequera unha comunicación á Corporación municipal, pero o que non é de recibo é aceptar a comunicación que se lles fai, sen membrete, sen firma, sen nada. A el non lle parece serio, sinceramente non lle parece serio.

O Sr. alcalde dille que lle chegou nun correo do Concello de Cambre, cre que dende a Alcaldía do Concello de Cambre. Pregunta se non foi así.

O voceiro do PP contesta que si.

O Sr. alcalde dille que, entón, nada máis. Xa lle dixo o que ocorreu neste caso, e non foi un tema de deixamento, nin un tema de dicirlle á prensa algo que non se lles podía dicir aos grupos. Di que lembra como fixo o Sr. Rivas nalgún pleno da lexislatura pasada, cando chegaba ao pleno e retiraba o asunto da orde do día, e se acababa o problema, pero en fin, non era a súa intención, nin moito menos, facelo desta forma, polo tanto reitera e pide outra vez desculpas por este tema.

2.5. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2016. Expediente número 7/2016

Vista a proposta de Alcaldía do día 14 de abril de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores e de importe total de 36.638,41 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non ter a conformidade no exercicio 2015, ou por terse presentado a finais de ano e non ser posible conformalas e tramitalas antes de finalizar o 2015, ou ben por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. ("Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que aboar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicariáanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 7/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016 por importe de 36.638,41 euros, correspondente ás seguintes facturas:

NÚM ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2015/4523	16/10/2015	B15025661	INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, S.L.	284,07
F/2015/4671	23/10/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	287,51
F/2015/5298	11/12/2015	B15118532	COPI FAX, S.L.	563,33
F/2015/5524	23/12/2015	B15794209	J.M. REGUEIRO INFORMATICA Y COMUNICACIONES DEL NOROESTE,S.L.U.	84,70
F/2015/5657	30/12/2015	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	757,82
F/2016/207	19/01/2016	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	142,07
F/2016/357	03/02/2016	B15078579	TALLERES SAN BENITO, S.L.	2.236,08
F/2016/359	03/02/2016	B70296256	BY TESLA, S.L.U.	1.438,36
F/2016/367	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	593,51
F/2016/368	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	180,36
F/2016/379	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	765,02
F/2016/383	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	981,42
F/2016/384	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.356,52
F/2016/388	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	858,16
F/2016/389	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	511,23
F/2016/391	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	550,36
F/2016/394	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	312,40
F/2016/395	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	214,80
F/2016/398	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.299,09
F/2016/399	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	903,68
F/2016/400	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.485,57
F/2016/422	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	192,23
F/2016/426	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	809,14
F/2016/428	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2.786,58
F/2016/430	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.784,25
F/2016/431	04/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	185,67
F/2016/466	08/02/2016	B70284534	GALAICA PARQUES Y JARDINES, S.L.	58,78
F/2016/484	10/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	282,56
F/2016/486	10/02/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	393,82
F/2016/488	10/02/2016	B15718877	MONTAJES HIDROGAS, S.L.	24,20
F/2016/580	12/02/2016	47365325E	MOSQUERA BARROSO GUSTAVO	822,80
F/2016/691	02/03/2016	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	23,96
F/2016/699	02/03/2016	B15743933	A.J. BARRAL PUBLICIDAD S.L.	785,90
F/2016/811	08/03/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	801,26
F/2016/814	08/03/2016	B70200126	TENOGA, S.L.	544,50
F/2016/817	08/03/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.341,73
F/2016/818	08/03/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	852,12
F/2016/890	02/03/2016	32349099J	GOMEZ FERNANDEZ, ANGELES	21,90
F/2016/949	17/03/2016	B15809619	TEATRO DEL ANDAMIO, S.L.	1.500,00
F/2016/953	17/03/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	544,40
F/2016/957	18/03/2016	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	1.996,99

F/2016/958	18/03/2016	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	2.993,96
F/2016/959	18/03/2016	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	1.885,95
F/2016/1136	17/03/2016	47365591N	JUAN PABLO MOHR GARCIA	199,65
			TOTAL	36.638,41€

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente."

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 20 de abril de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e ás dúas concelleiras do PSdeG-PSOE; coa abstención dos dous concelleiros do PP, a concelleira de ACdC-SON, o concelleiro do BNG, a concelleira de C's, integrante do GM e o concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que as facturas que se pretenden aprobar non se aprobaron no seu debido momento por non ter conformidade no exercicio do 2015, ben por terse presentado a finais de ano e non ser posible conformalas e tramitalas antes de finalizar o 2015, ou ben por non terse presentado no concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración da obra.

Atópanse ante uns gastos realizados que teñen que ser aboados por terse prestado o servizo e, polo tanto, o que se propón ao Pleno é aprobar o expediente número 7/2016 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2016, por un importe de 36.638,41 euros.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que están practicamente no mesmo caso que no punto anterior. Hai varias facturas salientables neste expediente que lles presentan, como levan presentados outros moitos, de feito cre que non hai un pleno no que vai de lexislatura no que non teñan presentado expedientes de facturas fóra de prazo.

Reitera que hai cousas significativas neste expediente. Eles non poden darlle o visto e praxe a estas facturas e vai explicar o por que. Porque hai unhas facturas que non saben nin por que se encargaron, nin para que, nin por quen foron adjudicadas. Eles pediron informes sobre esas facturas o 17 de novembro do ano 2015 e o 21 de xaneiro do ano 2016, escritos aos cales non lles contestaron en absoluto, cousa que o Sr. García Patiño lle reclamaba a el constantemente cando el era alcalde.

Di que no que non poden estar de acordo, e a menos que a saquen da proposta non van votar a prol, é concretamente nunha factura, e non é polo importe, senón polo feito, porque non saben por que se lle ten adjudicado a esa persoa un traballo que non saben en que consiste e por riba a unha persoa que intentou ser político e ía na lista do PSdeG-PSOE. Como non lles deron explicacións, o seu voto, dende logo, non vai ser favorable. Non obstante, como tampouco queren prexudicar para nada ao resto de empresas e autónomos que presentaron as súas facturas, porque fixeron o seu traballo, o voto do grupo municipal do PP vai ser abstención.

O Sr. alcalde pregunta a que factura se refire.

Don Manuel Rivas Caridad contesta que se refire concretamente á factura F/2016/580, do 12 de febreiro de 2016, é dicir, presentada neste exercicio, de Mosquera Barroso Gustavo, por 822,80 euros.

O Sr. alcalde maniféstalle que consta na relación que se achega que corresponde á subministración e plantación de 60 cipreses no horto do programa Labrego-Social. Cre que iso si que o saben, o que non saben é por que ou como se contratou a esa xente, por iso podería dicirlle agora que pode ter razón nese tema, e tamén que podería ter preguntado antes, porque dende as comisións, ou antes das comisións, que se entregou esta documentación, ata o día de hoxe, podía ter preguntando a que correspondía esta factura, ou ben en Alcaldía ou en calquera dos departamentos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Pero ben, di que se chegan tarde con estas facturas non é porque eles queiran traer unhas facturas tarde, senón porque ou ben se presentan tarde, ou ben os distintos departamentos as entregan tarde a Intervención e, polo tanto, veñen fóra de prazo e hai que traelas a pleno. Eles estarían encantados de que non viñeran, e de que cada vez veñan menos, estarían encantados, pero todos saben perfectamente que o motivo é ese, que non é outro, polo tanto, conclúe dicindo que non van retirar ningunha das facturas que figuran na proposta.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que esta mesma cuestión xa a expuxeron nas comisións do mércores pasado, pero é que non é iso, é que o seu grupo pediu copia o 17 de novembro de 2015 de todos os vales de pedido asinados dende este concello a nome de Gustavo Marcos Mosquera Barroso, e volveron reiteralo o 21 de xaneiro de 2016, pedindo xa un informe de Intervención. E non lles contestaron.

Di que non é que o teñan que pedir nas comisións, é que xa o pediron, a última vez no mes de xaneiro, e non lles contestaron.

O Sr. alcalde contesta que a verdade é que non ten na cabeza se o pediron en xaneiro, en novembro, ou cando o pediron, á verdade é que el non o sabe para poder contestarlle que si ou que non. O Sr. Rivas ten aí os rexistros, así que supón que o pedirían, non sabe por que non se lles contestou, pero mañá mesmo lle dirá por que non se fixo, porque se a petición é do mes de novembro ten toda a razón do mundo para protestar enerxicamente. Aí dálle toda a razón do mundo.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito. Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de ACdC-SON e os dous concelleiros do BNG.

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.6. Proposta de modificación do acordo adoptado polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 16 de setembro de 2015, respecto dos concelleiros delegados de área designados como vogais na Mesa de Contratación, isto como consecuencia das novas delegacións de atribucións realizadas mediante Resolución de Alcaldía núm. 446/2016, do 18 de marzo

Vista a proposta da Alcaldía de data 15 de abril de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“O Pleno municipal do Concello de Cambre, en sesión ordinaria do día 16 de setembro de 2015, supletoria da correspondente ao día 26 de agosto de 2015, acordou constituír con carácter permanente a Mesa de contratación para asistir ao órgano de contratación na adjudicación dos contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade do artigo 177 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, en todos os expedientes de contratación que se incoen no Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido no artigo 320 do antedito RDL 3/2011.

No punto segundo dos acordos adoptados consta que:

“Segundo: A Mesa de contratación estará constituída polos seguintes membros:

- *Presidente: o señor alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, ou no seu lugar, o concelleiro-delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente don Juan González Leirós.*

- *Vogais:*

1.- O concelleiro-delegado de Economía, Facenda, Obras e Servizos don Augusto Rey Moreno, e como suplente, o concelleiro-delegado da Área de Recursos Humanos e Sanidade, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez. (...)”

Os vogais dos grupos municipais do PP, ACdC-SON, BNG e Grupo Mixto (C's), son os designados no seu día mediante escritos asinados polos voceiros, e dos que se deu conta na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 30 de setembro de 2016.

Tendo en conta o disposto na Resolución nº 444/2016, do 18 de marzo, na que se recolle a denominación e ámbito material das novas áreas de goberno nas que se estrutura a organización municipal, así como a Resolución núm. 446/2016, do 18 de marzo, de delegación de atribucións da Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno Local e noutros concelleiros, propoño ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Modificar o acordo adoptado polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 16 de setembro de 2015, supletoria da correspondente ao día 26 de agosto de 2015, respecto do apartado segundo, no relativo á presidencia e ao punto 1 dos vogais, que quedará redactado como se relaciona a continuación, manténdose o resto do acordo tal e como foi aprobado no seu día:

“- Presidente: o señor alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, ou no seu lugar o concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, don Juan González Leirós.

- Vogais:

1.- O concelleiro delegado de Recursos Humanos e Servizos Sociais, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, e como suplente a concelleira delegada da Área de Igualdade, Terceira idade, Voluntariado e Educación, dona Mª Jesús Gómez González. ”

Segundo: Dado que a designación dos membros da Mesa de contratación ten carácter permanente, publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*, para coñecemento xeral, de conformidade co disposto no artigo 21.4 do RD 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e art. 79.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por R.D. 1098/2001, do 12 de outubro.”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 20 de abril de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e ás dúas concelleiras do PSdeG-PSOE; coa abstención dos dous concelleiros do PP, a concelleira de ACdC-SON, o concelleiro do BNG, a concelleira de C's, integrante do GM e o concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que o Pleno municipal do Concello de Cambre, en sesión ordinaria do día 16 de setembro de 2015, acordou que a Mesa de Contratación estivera constituída, entre outros, polo señor alcalde don Óscar Alfonso García Patiño, ou no seu lugar o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, don Juan González Leirós, e como vogais o concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos, don Augusto Rey Moreno, e como suplente, o concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos e Sanidade, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez.

Explica que, á vista do disposto na Resolución de Alcaldía núm. 444/2016 de modificación de áreas e 446/2016 de delegación de atribucións da Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno Local e noutros concelleiros, propoñen ao Pleno municipal modificar o acordo adoptado en sesión ordinaria de data 9 de setembro de 2015 no relativo á presidencia e ao punto 1 dos vogais, que quedaría redactado como sigue: Presidente o señor alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, ou no seu lugar o concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, don Juan González Leirós, e como vogal titular o concelleiro delegado de Recursos Humanos e Servizos Sociais, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, e suplente a concelleira delegada da Área de Igualdade, Terceira idade, Voluntariado e Educación, dona Mª Jesús Gómez González.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de ACdC-SON e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Cando son as vinte horas e quince minutos abandona a sesión, por motivos laborais, don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG.

2.7. Aprobación, se procede, do proxecto denominado “Mellora do pavimento das rúas Ramón Cabanillas e Emilia Pardo Bazán” incluído na convocatoria de subvención de mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio do día 12 de abril de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Logo de ver a Orde do día 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, publicada no DOG núm. 247 do 29 de decembro de 2015.

Logo de ver a necesidade de mellora da seguridade vial nas rúas Ramón Cabanillas e Emilia Pardo Bazán, pertencentes á parroquia do Temple no concello de Cambre, solicitouse á Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal a redacción do proxecto denominado “Mellora do pavimento das rúas Ramón Cabanillas, Emilia Pardo Bazán”, cun orzamento de execución por contrata (IVE engadido) que ascende a 52.091,49 €.

Logo de ver que con data 28 de xaneiro de 2016, mediante rexistro electrónico da Xunta de Galicia, se solicitou a subvención a concellos para infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, para a execución do proxecto “Mellora do pavimento das rúas Ramón Cabanillas, Emilia Pardo Bazán”

Logo de ver a resolución do 14 de marzo de 2016 (DOG nº 62 do 1 de abril de 2016), da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se fan públicas as axudas concedidas ó amparo da Orde do 22 de decembro de 2014, e na que se concede ó Concello de Cambre o importe de 26.440,85 €.

Logo de ver o informe do Enxeñeiro de Camiños Municipal, D. Óscar Souto Muíño, de data 11 de abril de 2016.

Tendo en conta que segundo o disposto no artigo 22.2 ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde ó Pleno “a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos”, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar o proxecto denominado “Mellora do pavimento das rúas Ramón Cabanillas, Emilia Pardo Bazán”, elaborado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, cun orzamento de execución por contrata (IVE engadido) que ascende a 52.091,49 €, incluído na convocatoria de subvencións para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, publicada no DOG núm. 247 do 29 de decembro de 2015 .”

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de abril de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE; coa abstención dos dous concelleiros do PP, o concelleiro de ACdC-SON, o concelleiro do BNG, a concelleira de C’s, integrante do GM e o concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que dentro do programa PAS pedíuselle á Deputación unha subvención, e agora a Deputación requiriulles documentación, unha documentación que é mínima. Trátase de que hai unha partida que se denomina de calidade e certificación da

ENAC, precisamente dos xogos, na que a Deputación non admite a certificación como unha parte do proxecto, co cal ao final decidiuse que é unha partida de control de calidade, e parece que iso é válido para que a Deputación admita o proxecto. Trasládase, e nada máis, é un problema de documentación técnica, de fixar a partida coa denominación da partida.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, expón que están no punto 2.7, que é a aprobación da mellora do pavimento de Ramón Cabanillas.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós di que é verdade e pide desculpas pola equivocación. Explica que este trátase doutro proxecto no que tamén pediron unha subvención, e trátase de aprobar o proxecto para presentar esa documentación.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López expón que, simplemente por salientalo, o seu grupo entende que ambas rúas, Ramón Cabanillas e Emilia Pardo Bazán, son rúas tremendamente transitadas e utilizadas por moitos veciños diariamente. Parécelles unha proposta acertada, tendo en conta o estado no que se atopan esas rúas. Este ano é certo que as inclemencias climatolóxicas, supón que como noutros, fixeron que o firme se vexa con bastantes danos.

Tamén celebran que teñan aproveitado para solicitar a axuda Feder máxima, que é como un 80%, se non se equivoca, uns 40.000 euros aproximadamente do total, de xeito que ao Concello de Cambre quédalle por asumir, tamén se non se equivoca, sobre 12.000 euros, máis ou menos.

Conclúe dicindo que eles, neste sentido, van apoiar a iniciativa, xa que lles parece unha boa iniciativa.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, o concelleiro presente do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.8. Aprobación, se procede, da modificación do proxecto “Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines” incluído no Plan de acción social 2015 (PAS 2015) da Deputación da Coruña, como proxecto complementario

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio do día 12 de abril de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria do día 14 de decembro de 2015 acordou, entre outras cuestións, participar no Plan de Acción Social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se inclúe a obra “*Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines*”, e aprobar o correspondente proxecto técnico elaborado polo enxeñeiro de camiños municipal, xefe da Sección de Servizos, D. Óscar Souto Muíño, cun orzamento de execución por contrata de 106.941,32 €.

Coa data 8 de abril de 2016, recíbese chamada telefónica procedente da oficina de Planes da Excma. Deputación Provincial, na que se nos informa de que, unha vez realizada a supervisión técnica, consideran necesario realizar unha pequena modificación no proxecto anteriormente mencionado, concretamente o cambio de nome dunha partida, pasando a denominarse “control de calidade”, non afectando á contía final do proxecto.

Tendo en conta que a modificación do proxecto “Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines”, segundo o falado coa técnica da Deputación da Coruña Susana Rouco, xa foi realizada.

Logo de ver o informe do Enxeñeiro de Camiños Municipal, D. Óscar Souto Muíño, de data 12 de abril de 2016.

Propoño ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o proxecto corrixido correspondente á obra "*Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines*", elaborado polo enxeñeiro de camiños municipal, xefe da Sección de Servizos, D. Óscar Souto Muíño, cun orzamento de execución por contrata de 106.941,32 €, incluído no Plan de Acción Social, PAS 2015, como proxecto complementario.

Segundo: Dar traslado do acordo adoptado polo pleno á Deputación Provincial da Coruña."

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de abril de 2016, por catro votos a prol, correspondentes aos dous concelleiros de UxC e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE; coa abstención dos dous concelleiros do PP, o concelleiro de ACdC-SON, o concelleiro do BNG, a concelleira de C's, integrante do GM e o concelleiro non adscrito.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio do día 25 de abril de 2016 que consta do seguinte teor literal, e pola que se emenda o ditame emitido pola Comisión Informativa:

"O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria do día 14 de decembro de 2015 acordou, entre outras cuestións, participar no Plan de Acción Social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se inclúe a obra "*Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines*", e aprobar o correspondente proxecto técnico elaborado polo enxeñeiro de camiños municipal, xefe da Sección de Servizos, D. Óscar Souto Muíño, cun orzamento de execución por contrata de 106.941,32 €.

Tendo en conta o requirimento da Deputación da Coruña que tivo entrada no rexistro xeral coa data do día 25 de abril de 2016 e número 0/3314 segundo o cal debe subsanarse o seguinte:

"No proxecto da obra figura a seguinte partida presupuestaria no capítulo 6:

"Partida alzada para control de calidad y certificación ENAC en cumplimiento con el Decreto 245/2003 por el que se establecen las normas de seguridad en los parques infantiles de Galicia"

É criterio desta deputación que es partidas administrativas, como legalizacións... non poden ser incluídas nos presupostos dos proxectos"

Considerando que a modificación do proxecto "*Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines*", segundo o requirido pola Deputación da Coruña, xa foi realizada, poñendo no presuposto "Partida alzada para control de calidad", por un importe de 279,41 €, non variando nin o importe da partida nin o importe final do proxecto.

Logo de ver o informe do enxeñeiro de Camiños Municipal, D. Oscar Souto Muíño, de data 25 de abril de 2016.

Propoño ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o proxecto corrixido correspondente á obra "*Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines*", elaborado polo enxeñeiro de camiños municipal, xefe da Sección de Servizos, D. Oscar Souto Muíño, cun orzamento de execución por contrata de 106.941,32 €, incluído no Plan de Acción Social, PAS 2015, como proxecto complementario.

Segundo: Elevar a presente proposta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar, para a súa aprobación."

O Sr. alcalde explica que neste asunto os grupos municipais recibiron unha documentación a posteriori das comisións, cre que no día de onte, para incluíla fóra da orde do día do pleno, por iso o que propón é que esa



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

proposta de modificación do proxecto, consecuencia do segundo requirimento da Deputación, do día 25, se trate como unha emenda a incluír neste punto 2.8, e así aprobar a emenda e aprobar o proxecto todo xunto. Reitera que foi con posterioridade ao ditame da comisión informativa cando se rexistrou o escrito da Deputación solicitando unha emenda a ese ditame, emenda que foi informada favorablemente polo enxeñeiro municipal no seu informe do 25 de abril, e que someten a votación.

Conclúe dicindo que esa é a documentación que lle remitiron onte a todos os concelleiros. Como simplemente é un tema de cambio de frase e non altera o proxecto absolutamente para nada, foi polo que decidiron traelo como emenda, que segundo a secretaria accidental é o que correspondía facer.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que se trata da aprobación, se procede, do proxecto de traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines, incluído como proxecto complementario no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación da Coruña. Niso é no que consiste o asunto, e a emenda consiste no mesmo asunto, ten o mesmo título.

O Sr. alcalde explica que, para máis aclaración, porque este é un tema bastante arrevesado, aínda que non ten ningún tipo de contido que afecte directamente ao proxecto, pero polo menos para que quede claro, quere deixar constancia do que se di na documentación que se lles remitiu, que é que:

“Considerando que a modificación do proxecto ‘Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines’, segundo o requirido pola Deputación da Coruña, xa foi realizada, poñendo no presuposto ‘Partida alzada para control de calidade’, por un importe de 279,41 €, non variando nin o importe da partida nin o importe final do proxecto”.

Ese é o informe proposta que se fixo dende Obras e Servizos. Conclúe dicindo que, polo tanto, van votar a emenda presentada.

Sometida a emenda a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, o concelleiro presente do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a emenda tal e como foi transcrita.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, coa emenda efectuada ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de abril de 2016, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, o concelleiro presente do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar o proxecto corrixido correspondente á obra “*Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines*”, elaborado polo enxeñeiro de camiños municipal, xefe da Sección de Servizos, D. Óscar Souto Muíño, cun orzamento de execución por contrata de 106.941,32 €, incluído no Plan de Acción Social, PAS 2015, como proxecto complementario, coas modificacións efectuadas segundo constan nos informes de datas 12 e 25 de abril de 2016, emitidos polo enxeñeiro de camiños municipal.

Segundo: Dar traslado do acordo adoptado polo Pleno á Deputación Provincial da Coruña.

2.9. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio do día 25 de abril de 2016 relativa ao proxecto de instalación dun ascensor na casa do concello, incluído no PAI 2016 como proxecto principal. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, o concelleiro presente do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da proposta presentada.

A) Aprobación, se procede, da modificación do proxecto “Proxecto básico e de execución de instalación de ascensor na casa do concello de Cambre” incluído no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, como plan principal

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio do día 25 de abril de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria e urxente do día 16 de marzo de 2016 acordou, entre outros asuntos, participar no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se inclúe a obra “*Proyecto básico y de ejecución de instalación de ascensor en la Casa Consistorial de Cambre*”, e aprobar o correspondente proxecto técnico elaborado polo arquitecto municipal José Ramón Díaz Barbeito, cun orzamento de execución por contrata de 39.990,00 €.

Coa data do 21 de abril de 2016, recíbese escrito procedente da Excm. Deputación Provincial da Coruña “Requirimento ao concello sobre a documentación presentada telematicamente na convocatoria PAI-OBRASSUM 2016” no que se require o seguinte:

“Non coincide o importe do presuposto en letra e número que figura na Memoria

Na supervisión técnica, non indican se as obras afectan á estabilidade, seguridade e estanqueidade, segundo o disposto no artigo 125 do Texto Refundido da Lei de Contratos “

Tendo en conta que a modificación do proxecto “*Proyecto básico y de ejecución de instalación de ascensor en la Casa Consistorial de Cambre*”, segundo o establecido no requirimento, xa foi realizado.

Logo de ver o informe do arquitecto municipal, D. José Ramón Díaz Barbeito, de data 25 de abril de 2016.

Propoño ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o proxecto corrixido correspondente á obra “*Proyecto básico y de ejecución de instalación de ascensor en la Casa Consistorial de Cambre*”, elaborado polo arquitecto municipal José Ramón Díaz Barbeito, cun orzamento de execución por contrata de 39.990,00 €, incluído no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 como plan principal.

Segundo: Elevar a presente proposta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar, para a súa aprobación.”

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que este asunto é o mesmo que o anterior. A Deputación requiriulles unha documentación, os técnicos comprobaron esa documentación solicitada, e rectificárona. Entenden que é suficiente para dar a súa aprobación, co cal o que hai que facer é aprobar a proposta e volver a remitir a documentación, para ver se é aceptada pola Deputación.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que a el sorpréndelle. Esta é unha obra que xa foi aprobada aquí e, efectivamente a Deputación fai algunhas salvidades, unha emenda coas deficiencias atopadas. Di que lle sorprende porque isto foi notificado ao Concello de Cambre con data 14 de abril.

O Sr. alcalde dille que non foi así.

Don Manuel Rivas Caridad responde que é verdade, que entrou con data 21 de abril. En todo caso, a el sorpréndelle que agardaran ata última hora para mandarles isto, porque cre que llelo remitiron aos grupos o día 25 ou 26. Reitera que lle sorprende, porque polo menos podían saber con máis certeza as cousas que pide a Deputación, e engade que el particularmente non tivo acceso en realidade ao proxecto. Cando o aprobaron no seu día, que isto xa foi aprobado noutro pleno, aprobárono, pero para estas modificacións terían que ir á modificación que pide a Deputación para ver de que se trata, e a verdade é que non tiveron tempo.

Conclúe dicíndolles que isto lles sirva de tirón de orellas, non por outra cousa, porque a obra loxicamente é necesaria, e perder unha subvención da Deputación tamén lles parece estúpido, pero volve dicirlles que lles sirva de tirón de orellas, porque non é de recibo recibir a documentación en vésperas do pleno, sen poder acceder á documentación do proxecto para poder ver cal é a modificación que se vai introducir.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que a cuestión é a seguinte, o día 21 chega aquí a información, como ben se pode comprobar, dado que o equipo redactor é un equipo externo ao concello, houbo que trasladarlle o requirimento, e non houbo no medio ningún pleno, nin ningunha xunta de goberno local para poder aprobalo, polo tanto o pleno é este, e a documentación chegou no mesmo día que se lles mandou, non houbo máis tempo.

Explica que os temas que se fan dentro do concello son temas que se resoven aquí, cuestións municipais, e teñen moita máis celeridade. Pero hai outros temas que se teñen que trasladar fóra, aínda que este domingo pola noite cónstalle que estaban traballando para que o luns pola mañá estivera listo, incluso o arquitecto municipal estivo pendente o domingo pola tarde deste tema, pero non puido ser posible que chegara antes. Conclúe dicindo que esa é a cuestión.

Toma a palabra o Sr. alcalde e manifesta que, de todas formas, reciben o tirón de orellas, sen ningún tipo de problema. Intentaron apurar todo o posible, pero cando non se pode, non se pode, e neste caso son temas que tiñan que vir a este pleno si ou si, polas datas fixadas, por iso o traen desta forma, sentíndoo moito.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, o concelleiro presente do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Cando son as vinte horas e vinte e cinco minutos, abandona a sesión dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta de ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o día 25 de abril de 2016, relativo ao proxecto de reforma de local comercial, incluído no PAI 2016 como proxecto principal. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, o concelleiro presente do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezaioito concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da proposta presentada.

B) Ratificación, se procede, do acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de abril de 2016, respecto da aprobación do proxecto corrixido correspondente á obra “Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”, incluído no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 como plan principal

O Pleno municipal, en sesión extraordinaria e urxente do día 16 de marzo de 2016 acordou, entre outros asuntos, participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se inclúe, dentro do plan principal, a obra “*Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais*”, e aprobar o correspondente proxecto técnico elaborado polo arquitecto don Óscar Valcuende Rodríguez, cun orzamento de execución por contrata de 221.744,60 €.

Con data 15 de abril de 2016 recíbese escrito procedente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, de “Requirimento ao concello sobre a documentación presentada telematicamente na convocatoria PAI-OBRASSUM 2016” no que se require a subsanación das seguintes deficiencias atopadas:

É preciso achegar ao documento Memoria a declaración expresa de tratarse dunha obra completa, segundo o que manifesta o artigo 124 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Carece do anexo na Memoria do Estudo Xeotécnico, ou no seu caso, de xustificación da non necesidade do mesmo, segundo o que dispón o artigo 123 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

O anexo da Memoria carece de documento relacionado co plan de traballo. Artigo 123 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, así como artigo 132 do RD 1098/2001 do 12 de outubro e do RD 773/2015 do 28 de agosto.

É preciso determinar os custos directos e indirectos das distintas unidades de obras no anexo da Memoria: Xustificación de prezos. Artigo 130 RD 1098/2001 do 12 de outubro e do RD 773/2015 do 28 de agosto.

No orzamento describíense equipos con marcas comerciais, que deberán omitirse ou empregar o termo “ou semellante”. Artigo 17 do TRLCSP.

Non figura na memoria o prazo de execución.

Igualmente, e respecto da supervisión técnica, non indican se as obras afectan á estabilidade, seguridade e estanqueidade, segundo o disposto no artigo 125 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.’

Visto o informe emitido por don José Ramón Díaz Barbeito, arquitecto municipal, ao que se achega o proxecto corrixido segundo o requirimento de referencia.

Vista a providencia do concelleiro-delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, de data 25 de abril de 2016, favorable á proposta de modificación do proxecto formulada polo arquitecto municipal, así como a proposta da Alcaldía de data 25 de abril de 2016.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 25 de abril de 2016, que consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Aprobar o proxecto corrixido correspondente á obra “Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”, elaborado polo arquitecto don Óscar Valcuende, cun orzamento de execución por contrata de 221.744,60 €, incluído no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 como plan principal.

Segundo: Elevar o presente acordo ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar, para a súa ratificación.”

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que se trata da mesma operación. Mandaron un proxecto para ser subvencionado pola Deputación, a Deputación púxolles unha serie de trabas, e eles, despois de aclaralas, teñen que devolver o proxecto á Deputación. O que se trae aquí é a aprobación desas cuestións que os técnicos municipais entenderon que unha vez modificadas son correctas.

Toma a palabra o Sr. alcalde para aclarar que todos son exclusivamente temas técnicos, problemas técnicos en canto á documentación que se envía á Deputación e que esta detecta cando a revisa. Iso é o que traen a pleno.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que se antes o tirón de orellas foi suave, agora vai ser moito máis gordo, porque isto xa non o entende. Isto mandouno a Deputación o día 14, e el cre que se podería ter traído ás comisións do día 20. O escrito ten rexistro do Concello de Cambre o día 15 de abril, con saída da Deputación o día 14.

Polo tanto, o tirón de orellas é máis gordo, porque non soamente é iso, senón que o que di a Deputación respecto das deficiencias atopadas é que, examinado o proxecto en cuestión polo servizo de asistencia a municipios, en relación coa integridade que vén determinada pola normativa vixente, artigo 123 do Real decreto do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, emítense informe desfavorable por considerar que para cumprir cos requisitos esixidos debe ser completado cos seguintes documentos:

- é preciso achegar ao documento Memoria a declaración expresa de tratarse dunha obra completa, segundo o que manifesta o artigo 124 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público
- carece do anexo da Memoria do Estudo Xeotécnico, ou no seu caso, de xustificación da non necesidade del, segundo o que dispón o artigo 123 da lei
- o anexo da Memoria carece de documento relacionado co plan de traballo, segundo o artigo 123 do RD 3/2011 do 14 de novembro
- é preciso determinar os custos directos e indirectos das distintas unidades de obras no anexo da Memoria: xustificación de prezo, segundo o artigo 130 da lei
- no orzamento descríbense equipos con marcas comerciais que deberán omitirse ou empregar o termo "ou semellante"
- non figura na memoria o prazo de execución

Continúa dicindo que o tirón de orellas é máis grande por unha sinxela razón, e di isto tal e como o sente. Este é un proxecto que o actual equipo de goberno colleu feito polo antigo goberno, e o meteron sen máis, sen pararse a mirar, co fin de conseguir a subvención da Deputación, e co obxecto de facer unha reforma que o PP xa dixo cando o proxecto veu a pleno, que para eles non é necesaria.

Trátase de meter aí, na reforma do local comercial para uso de oficinas municipais, a Servizos Sociais, para que todo o mundo saiba quen vai a Servizos Sociais, todo porque cambiaron os despachos que tiñan en Servizos Sociais para meter políticos e asesores de políticos. Estaba moi ben distribuído, pero agora o Goberno quere gastar máis de 220.000 euros na reforma dun local, e reitera que o PP xa dixo no seu momento que eles non estaban de acordo con iso.

Por riba diso, con no darlles a documentación, dende o día 15 tampouco o trouxeron a comisións para discutilo nelas e así ter acceso de verdade ao proxecto. Pero o que máis lle sangra ao seu grupo é que o Goberno fixo unha proposta para aprobalo en Xunta de Goberno Local, e claro, en vista diso agora teñen que elevar esa proposta ao Pleno municipal na primeira sesión que ten lugar, é dicir, como non cadraba este pleno, porque vence o prazo hoxe, aprobárono en Xunta de Goberno Local, e se agora o Pleno lles di que non, pois igualmente queda aprobado en Xunta de Goberno Local.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Conclúe dicindo que a el de verdade que non lle parece serio.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que o Sr. Rivas sabe que este é un procedemento habitual. Cando unha subvención non chega a tempo ao pleno, antes o que se facía era unha resolución da Alcaldía ou concellería correspondente, e agora, como esta competencia é da Xunta de Goberno Local, trasládase á Xunta de Goberno Local. É algo habitual na relación coa Deputación.

En canto ao tirón de orellas di que o aceptan, pero que llelo van trasladar ao arquitecto municipal, posto que eles non fan un exame técnico dos proxectos, como é razoable, porque son políticos, non son técnicos. Os técnicos teñen que ter a capacidade para saber iso. Os concelleiros poden defender ou non defender a situación, decidir se é conveniente ou non é conveniente reformar o local, esa é unha cuestión, pero o tema do proxecto, evidentemente non é cousa deles. Non deben supervisar os proxectos, nin puntuar se ten o CPI, a CTI, ou o que sexa, volveríanse absolutamente loucos, non é o seu traballo.

Por outra parte, o proxecto non veu antes, e efectivamente tivo que ir á Xunta de Goberno Local, porque se non o facían quedaban sen subvención, xa que a Deputación puxo un prazo. O que fixo a Deputación, nese sentido razoablemente, foi dicirlles que presentaran a documentación da resolución de Alcaldía ou da Xunta de Goberno Local neste caso, permitíndolles que máis tarde o levaran ao Pleno municipal, e así van tramitando a subvención.

Conclúe dicindo que este é un procedemento que se fixo sempre, o fixo o Sr. Rivas, o fixeron eles mesmos, o fixeron os anteriores. Está admitido pola Deputación e sempre foi así.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que o Sr. Leirós di que sempre foi así, e aquí a xente pode pensar que efectivamente foi sempre así, pero el dille que non, que aquí viñeron todas as cousas a pleno, el cre que en xunta de goberno local non se aprobou nunca un proxecto destas características, facíase un pleno extraordinario ou o que fora.

Pero el di o que di, e segue a mantelo. Se o Goberno recibe esta notificación o día 15, xa vai dicir que o día 15, porque aínda que da Deputación sae o 14 no concello rexístrase o 15, se é así, pregunta por que non o traen ás comisións. Pide que lle conteste á pregunta de por que non o trouxeron ás comisións se xa tiñan eses datos. As comisións foron o día 20 deste mes, e podían ter acceso a ese proxecto que non saben nin como vai.

Conclúe dicindo que iso é o que lle di, e iso aínda que o seu grupo non está de acordo, porque xa votaron en contra do proxecto en si, de que esa subvención vaia destinada a ese proxecto, e van seguir votando en contra, pero por defecto de forma, non porque non queiran que Cambre teña esa subvención da Deputación, senón porque non lles parece oportuno facer esa obra.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que aquí hai dúas cuestións que hai que comentar. O grupo do Partido Popular non estaba de acordo coa obra, pero a obra decidiuse facela. Esa é unha cuestión na que poden estar ou non estar de acordo, iso está claro. A segunda cuestión é o tema de se a translación dos documentos e o feito de levalo á xunta de goberno local é o método habitual ou non é o método habitual.

Explica que se leva á xunta de goberno local porque a comisión informativa é unha semana antes do pleno, e a xunta de goberno local é o luns, co cal hai unha diferenza. Dende o mércores das comisións ata o luns que é a xunta de goberno local hai tres días para facer o proxecto, por iso non foi á comisión informativa e foi á xunta de goberno local e agora se trae a pleno. Esa é a razón, e porque, ademais, ao día seguinte había que entregalo na Deputación, porque senón quedaban sen subvención.

Polo tanto, conclúe dicindo que apuraron os trámites para garantir que toda a documentación estivera ben, para verificalo todo para a xunta de goberno local. Se tivera habido unha comisión informativa, como non adoitan esconder a documentación, a terían levado a esa comisión informativa. Non ten máis conto a historia.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que o Sr. Rivas xa manifestou no seu día que no PP estaban en contra de facer este tipo de obra para Servizos Sociais, a pesar de que incluso a técnica de Servizos Sociais falou da necesidade que había de facer a obra. Di que claro que meteron isto para acadar a subvención, sería do xénero parvo non metelo sabendo que despois podían rectificalo, e pide que lle perdoen que o diga desta forma.

Conclúe dicindo que o meten, obteñen a subvención e logo rectifican o proxecto. É o que fixeron, nin máis nin menos.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo vai votar a prol, para que non se perda a subvención, pero pídelles que se dean conta de que onte, martes, ás 12:50 horas, non é hora de recibir unha documentación que hai que votar ao día seguinte. Saben que isto ten pasado máis veces, pero rogan que por favor non sexa así. Ao seu grupo non lle deu tempo a mirala e estudala como é debido. Sinxelamente quería dicirlles iso.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que é un tema de corrección de erros, non é un proxecto o que se trae aquí. É un tema de corrección de erros de última hora, e, aproveitando o pleno que tiñan hoxe, preferiron traelo hoxe e non ter que facer un pleno extraordinario pasado mañá. Ese é o motivo. Se fora un proxecto ou fora outra cousa doutro calado, seguramente o farían doutra forma. O fixeron así porque o tempo era o que era.

Di que eles intentan traelo en tempo e forma sempre, pero hai momentos como é este, nos que non é posible. En todo caso dilles que teñen razón, que é pouco tempo o que tiveron para estudar a información, aínda que reitera que é unha corrección de erros, non un proxecto.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, o concelleiro presente do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito. Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP.

O Pleno municipal, por trece votos a prol, acordou:

Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 25 de abril de 2016 e, polo tanto, aprobar o proxecto corrixido correspondente á obra "*Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais*", elaborado polo arquitecto don Óscar Valcuende, cun orzamento de execución por contrata de 221.744,60 €, incluído no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 como plan principal.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta de ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o día 25 de abril de 2016, relativo ao plan complementario incluído no PAS 2016. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, o concelleiro presente do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezaioito concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da proposta presentada.

Antes de pasar a tratar o asunto, o Sr. alcalde pide desculpas pola marcha da concelleira dona Elisa Pestonit Barreiros, de UxC, que tivo que saír a raíz da información que lle facilitou a concelleira do PP, dona M^a Jesús González Roel, sobre que se estaba anegando unha zona en Anceis. Parece que houbo un problema de rotura de tubos e a concelleira foi alí coa empresa.

Explica que por esta razón os rogos e preguntas que esta concelleira tiña asignados para responder, ou se responden por escrito ou no vindeiro pleno, como os concelleiros vexan.

C) Ratificación, se procede, do acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de abril de 2016, respecto da aprobación do proxecto corrixido correspondente á obra “Nova rede de saneamento na Calle, Pravio, Cambre”, incluído no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 como plan complementario

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria e urxente do día 16 de marzo de 2016 acordou, entre outros asuntos, participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se inclúe, dentro do plan complementario, a obra “Nova rede de saneamento na Calle, Pravio, Cambre”, e aprobar o correspondente proxecto técnico elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, Elena Bartolomé Delanoë, cun orzamento de execución por contrata de 63.586,35€.

Con data 15 de abril de 2016 recíbese escrito procedente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, de “Requirimento ao concello sobre a documentación presentada telematicamente na convocatoria PAI-OBRASSUM 2016” no que se require a subsanación das seguintes deficiencias atopadas:

“Na supervisión técnica, non indican se as obras afectan á estabilidade, seguridade ou estaqueidade, segundo o disposto no artigo 125 do Texto Refundido da Lei de Contratos.

Non se acredita documentalmente que o Concello xa conta coas autorizacións indicadas no informe técnico (Estradas do Estado, Patrimonio Cultural e Infraestruturas) ou que xa solicitou, xuntando os correspondentes documentos.

No prazo de execución indican 4 meses e o programa de traballo ven cuantificado por 4 semanas”

Visto o informe emitido por dona Elena Bartolomé Delanoë, enxeñeira técnica de obras públicas municipal, ao que se achega o proxecto corrixido segundo o requirimento de referencia.

Vista a providencia do concelleiro-delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, de data 21 de abril do ano que andamos, favorable á proposta de modificación do proxecto formulada pola enxeñeira técnica municipal, así como a proposta da Alcaldía de data 21 de abril de 2016.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 25 de abril de 2016, que consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Aprobar o proxecto corrixido correspondente á obra “Nova rede de saneamento na Calle, Pravio, Cambre”, elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal que subscribe, cun orzamento de execución por contrata de 63.586,35 €, incluído no Plan aforro e investimento (PAI) 2016 como plan complementario.

“Segundo: Elevar a presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar, para a súa ratificación.”

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que é o mesmo esquema que formularon no anterior asunto. Houbo un escrito da Deputación, tiveron que facer unhas correccións, que son correccións absolutamente técnicas, e o que se trae a pleno son esas correccións para poder transmitilas á Deputación, ou máis ben dar conta, porque xa se fixo na xunta de goberno local a aprobación.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que están no mesmo caso que antes. El simplemente quere facer unha salvidade, porque di que non se vaia pensar que el está en contra dos proxectos que presenta o Concello de Cambre na Deputación, todo o contrario, el como deputado, se pode axudar a sacar os proxectos adiante, vaino facer, porque a el o que lle interesa é Cambre.

E respecto do que dixo o Sr. alcalde, manifesta que el non está en contra dos Servizos Sociais, o que si estiveron sempre en contra foi de que en Servizos Sociais se fixeran despachos para políticos e asesores, e que agora haxa que habilitar outro local para ter espazo.

Respecto da rede de saneamento da Calle, Pravio, di que pasa exactamente o mesmo, é outro tirón de orellas. Isto recibírono o día 15, igual, e puideron traelo a comisións, polo menos para comentalo e para ter tempo a ver a documentación. De todas maneiras di que loxicamente van votar a prol, porque aquí o que non se acreditaba era documentación, como que o concello xa conta coas autorizacións indicadas nos informes técnicos, as do Estado, Patrimonio cultural e Infraestruturas, que saben que loxicamente as terán pedidas, se non as teñen agora, as terán, ou xa as presentarán. Polo tanto, van votar a prol, porque cando as cousas se fan ben votan a prol.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que o caso é o mesmo, chega tarde exactamente igual que o outro, nin máis nin menos, e é por erros. Dille ao Sr. Rivas que respecto do que dixo antes, non se fixeron despachos novos en Servizos Sociais. Iso é enganar á xente e é mentira. O tema de Servizos Sociais faise con base nun informe do persoal de Servizos Sociais, onde se di que é necesario ampliar as dependencias, e con base nese informe tomouse unha decisión, unha decisión política.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que lle rogaría unha cousa ao Sr. Rivas, rogaríalle que cambiara os termos do tirón de orellas, porque soa un pouco estraño nesta conversación, el preferiría que lles dixese que está en desacordo, ou que formula as súas opinións, parécelle moito máis razoable que non dar tiróns de orellas. El non lle vai recibir tiróns de orellas, non sabe se alguén llos recibirá, pero el, non, tirón de orellas, ningún. Se quere estar en contra e dicilo, pode dicir o que queira, pero tiróns de orellas, ningún.

O Sr. alcalde dilles que el estaba acostumado a que lle tiraran das orellas, por iso.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, o concelleiro presente do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezaioito concelleiros presentes na sesión, acordou:

Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 25 de abril de 2016 e, polo tanto, aprobar o proxecto corrixido correspondente á obra "Nova rede de saneamento na Calle, Pravio, Cambre", elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal que subscribe, cun orzamento de execución por contrata de 63.586,35 €, incluído no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 como plan complementario.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocións dos grupos municipais

O Sr. alcalde informa que en primeiro lugar teñen unha moción urxente do grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre a universalización do dereito á asistencia sanitaria pública e recuperación do sistema público de sanidade, e hai que votar a urxencia.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, solicita que antes de votar a urxencia se xustifique a presentación da moción.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que coa situación sanitaria do país, cre que é o momento para volver atrás, ao ano 2012, e volver a ter as mesmas prestacións que tiñan todos os españois, os españois e os que viven en España. Cre que xa ten pasado un tempo prudente, a época de crise supostamente está mellorando, e cre que é o momento de modificar tamén sanitariamente as propostas.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que el entende que o Partido Socialista, socio do Goberno neste caso, presentou esta moción o día 20 de abril. Pasáronlle un correo o día 26 de abril a todos os voceiros dos grupos municipais no que se di que na pasada xunta de voceiros do día 13 do presente mes, lles achegaron en formato papel a moción presentada polo grupo municipal do PSOE, pero nesa xunta a eles ninguén lles deu ningún papel. Revisada a documentación enviada por correo electrónico o pasado venres, relativa aos temas a tratar no pleno ordinario do mes de abril, el observou que tampouco se inclúe a dita moción. Finalmente enviouse nese último correo do 26 de abril, co cal a el e ao seu grupo non lles deu tempo a preparar a moción.

O Sr. alcalde reconece que ten razón en que non se lles entregou na xunta de voceiros, e preguntalle aos presentes se llela achegaron coa documentación do pleno do pasado venres.

Don Manuel Rivas Caridad contesta que non, que se lles facilitou o día 26.

O Sr. alcalde solicita ao Partido Socialista que a retire, se é posible, e que se traia ao vindeiro pleno.

O voceiro socialista amosa o seu acordo.

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que esa mesma petición era a que traía o seu grupo.

O Sr. alcalde di que lle parece ben, e agradécelle ao Partido Socialista que a retire.

A continuación di que tamén teñen unha moción de Asemblea Cidadá, que cre que tamén se vai retirar, pero prefire que o explique a voceira dese grupo.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que lle agradece que sexa totalmente claro tanto coa xente que está no pleno, como cos propios compañeiros de Corporación. Explica que previamente ao inicio da sesión deste pleno, en conversa mantida co Sr. alcalde e co voceiro do Partido Socialista, estes solicitaronlle a ACdC que retirara esta moción, que para quen non o saiba é unha moción que avoga pola defensa ou pola busca da laicidade, concretamente do Concello de Cambre.

Di que a traen precisamente porque é un movemento, unha iniciativa que se está empezando, afortunadamente dende o seu punto de vista, a levar a cabo en moitos concellos, e a resposta tanto do Sr. alcalde como do voceiro socialista foi que solicitaban que se retirase da orde do día para debatela, para poder falar dela, para poder ver en que termos podían dalgún xeito chegar a un acordo, ou polo menos a un diálogo. Chegarase a acordo, si ou non, pero polo menos a un diálogo. E ela coida que iso é moito máis importante que presentar a moción en si.

Presentar a moción simplemente sería unha exposición para que todos os grupos da Corporación se tiveran que manifestar agora mesmo cun voto positivo, negativo ou de abstención, sobre un tema que ela cre moi delicado, seguramente polémico, e que lles levará, e cre que iso tamén será bo, a discutir, a falar e a ver a que acordo se chega.

Pola súa parte, por suposto, non teñen ningún tipo de inconveniente, é máis, agradecen o talante que se amosou, insiste, tanto polo señor alcalde como polo voceiro dos socialistas, en facelo deste xeito. Insiste en que

están agradecidos e quedarán expectantes ante o que ACdC-SON cre que é un paso necesario. Darase ou non, xa di, pero de aquí, seguramente a un ano, non, pero de aquí a 30 anos os concellos cambiarán, e seguramente cambien neste sentido. É unha discusión ou unha conversa que van ter que ter, así que canto antes o fagan, coida que mellor. Conclúe dicindo que por suposto que retiran a moción para poder falala.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el agradécelle que a retire, porque é un tema tan sensible como a Sra. concelleira dixo. Dende UxC non puideron debatela en asemblea, porque se lles fixo bastante tarde, e el cre que é un tema que merece que se lle dedique todo o tempo posible, por iso lle pediron que a retirara, para tratala. Engade que na xunta de voceiros que van convocar para a semana que vén, se queren poden tratar este tema tamén, porque hai algún punto en concreto co que eles non saben aínda como poden facer para enriquecelo ou incluílo.

A continuación, o Sr. alcalde informa que teñen unha moción do BNG e solicítalle ao señor concelleiro que xustifique a súa urxencia.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, voceiro suplente do BNG, explica que traen esta moción debido ao grave problema que está a supoñer a invasión do chamado plumeiro ou carrizo da pampa, co fin de intentar que a Corporación municipal aprobe un plan e procurar combater esta invasión.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, o concelleiro presente do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezaioito concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do BNG para combater a invasión da *cortaderia selloana*, herba, penacho, plumeiro ou carrizo da pampa

Rexistrada de entrada ao núm.0/3257 o día 22 de abril de 2016, xunto cos rogos e coa pregunta presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“As orixes deste grave problema hai que buscalas no seu emprego como planta de ornato na mediana da que se denominou no seu día ‘Autoestrada do Atlántico’, hoxe AP-9.

O feito anterior, un auténtico despropósito, está a ser ignorado polas autoridades estatais, autonómicas, provinciais e municipais: excepción feita dalgún concello como o de Oleiros e dalgunha asociación como a das Mariñas-Mandeo.

A pasividade das autoridades é absolutamente contraditoria coa gravidade do problema. A Consellería de Medio Ambiente ten recoñecido que é unha das vinte plantas invasoras máis perigosas do Estado.

Dado que a *cortaderia selloana* representa un grave problema para a flora e fauna autóctona, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Instar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, á Deputación Provincial e ao Consorcio das Mariñas, á elaboración dun plan que permita combater a expansión da *cortaderia selloana*, unha planta invasora que está destruindo o noso ecosistema.

Segundo: Urxir ao Sr. alcalde e ao Goberno municipal que preside, a redactar unha ordenanza municipal que posibilite actuar en contra da praga que representa a invasión da *cortaderia selloana* no noso municipio, tanto a nivel institucional como privado.”

Don Brais Cubeiro Fernández manifesta que queredría engadir unha cousa máis, porque senón ao mellor algún grupo quere rexeitar a moción ou algunha cousa. Di que teñen coñecemento de que a Deputación aprobou un plan neste eido, por iso propoñen retirar da proposta o que se di de instar á Deputación Provincial.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que eles están de acordo con toda a moción, están de acordo co espírito da moción, como non pode ser doutra maneira, pero no punto dous, e tendo en conta o que lles aconsella o xurista municipal, que lles dixo que non teñen competencia nesta materia para facer unha ordenanza, propón que se cambie a expresión redactar unha ordenanza, por redactar un bando ou outras fórmulas posibles. Se é así estarían totalmente de acordo coa moción.

Don Brais Cubeiro Fernández contesta que sen problema.

O Sr. alcalde di que, entón, UxC vota a prol da moción.

Concedida a palabra a dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP, expón que cada vez son máis as especies que atopan fóra das súas áreas naturais un medio adecuado para subsistir. A súa extraordinaria capacidade de adaptación convérteas nunha ameaza que pode favorecer a extinción das especies autóctonas coas que entra en competencia polo territorio.

A planta coñecida como herba da pampa presenta un carácter invasor, e a súa presenza representa un risco potencialmente alto para o mantemento de zonas naturais. O problema é que colonizan hábitats e especies, reducindo así a diversidade biolóxica a través da exclusión da vexetación nativa, colonizando hábitats abertos como especie dominante.

No 2010, a deputada do PP de Galicia, Enma Álvarez Chao, presentaba en comisión parlamentaria un texto para deseñar un plan de erradicación e control de áreas xestionadas pola Xunta, e obrigar tamén ás administracións que dependen do Goberno galego, texto que foi aprobado por unanimidade. Non obstante, a día de hoxe o problema persiste, e todos son conscientes de como esta planta invade cada día novas parcelas e lugares do noso contorno. Conclúe dicindo que é por todo isto que o seu voto vai ser favorable.

A continuación, os voceiros do PSdeG-PSOE, ACdC-SON, GM (C's) e o concelleiro non adscrito, manifestan o seu acordo coa moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, coas modificacións efectuadas na parte dispositiva, na que no primeiro apartado se suprime a referencia á Deputación, e no segundo apartado se substitúe a referencia á elaboración dunha ordenanza por un bando ou outra fórmula posible, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, o concelleiro presente do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezoito concelleiros presentes na sesión, acordou aprobar a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Instar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, á Consellería de Medio Ambiente y Ordenación del Territorio, e ao Consorcio das Mariñas, á elaboración dun plan que permita combater a expansión da *cortaderia selloana*, unha planta invasora que está destruindo o noso ecosistema.

Segundo: Urxir ao Sr. alcalde e ao Goberno municipal que preside, a redactar un bando ou outras fórmulas posibles, que possibiliten actuar en contra da praga que representa a invasión da *cortaderia selloana* no noso municipio, tanto a nivel institucional como privado.

A continuación, o Sr. alcalde informa que teñen unha moción de Ciudadanos, e solicítalle á Sra. voceira que xustifique a súa urxencia.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), explica que a urxencia vén dada porque o día 5 de decembro é o Día internacional do voluntariado, e pensan que estas cousas hai que facelas con tempo. Aínda que están no mes de abril é necesario aprobar esta moción para que se poida levar a cabo.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo GM (C's). Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, o concelleiro presente do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezaioito concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do GM (C's) en recoñecemento do labor dos voluntarios de Cambre

Rexistrada de entrada ao núm.0/3267 o día 23 de abril de 2016. Consta do seguinte teor literal:

“O día 5 de decembro é o Día internacional do Voluntariado, de todos é sabido o impagable labor que realizan os voluntarios de Cambre, os actuais, anteriores e futuros. É por iso, que dende Ciudadanos consideramos que o Concello de Cambre debe recoñecer e agradecer este gran labor facendo algo que perdure no tempo, que sexa unha constante lembranza a tan enorme achega e a que teñamos sempre presente o que estas grandes persoas, en silencio, fan por todos nós, algo onde cando paseemos cos nosos fillos ou netos poidamos explicarlles que en Cambre temos a gran sorte de contar con estas maravillosas persoas velando por todos nós, e que calquera agradecemento sempre será pouco comparado co seu labor en todos os ámbitos.

Por iso solicitamos ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Que realice as xestións necesarias para colocar un monumento (monólito, placa ou outra opción) en recoñecemento, a todos e cada un dos voluntarios de Cambre, no Campo da Feira, fixando a data inaugural para o seu día, o 5 de decembro deste ano 2016.”

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que en primeiro lugar o seu grupo vai felicitar a Ciudadanos por esta moción, que lles parece idónea.

Di que supoñen que antes de presentar a moción se teñen dirixido ao colectivo dos voluntarios, porque coñecendo como coñece a moitos dos voluntarios, xa que durante 4 anos estivo con eles, sabe que non son nada dados a que se lles dea xabón. En todo caso, o voto do seu grupo dende logo que vai ser a prol de que se recoñeza ese labor, porque é un labor totalmente altruísta e que o merece.

Pero como tamén dixo, coñece a ese colectivo, e trátase dun colectivo que actúa en silencio, que moitas veces non quere nin prensa, nin quere saír nos medios, polo tanto ao mellor hai que estudar o tema e contar co seu voto para facer isto. Conclúe reiterando que o grupo do PP lles recoñece ese labor e felicitan a Ciudadanos por presentar a moción. Van votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que, como non pode ser doutra forma, o seu grupo vai votar a prol, por suposto.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o seu voto é a prol.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, voceiro suplente do BNG, manifesta que tamén eles van votar a prol, pero que lles gustaría saber, igual que acaba de explicar o Sr. Rivas, se de verdade se puxeron en contacto cos voluntarios e constataron que realmente queren ese monumento. En todo caso, o seu voto vai ser a prol da moción.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito, manifesta que tamén vota a prol.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), explica que non teñen falado con todos, pero si cunha serie de persoas. Pode ser que haxa xente que non o saiba, pero a persoa responsable de cidadanía en Ciudadanos Cambre, si estivo en contacto con moitos voluntarios. Incluso se queren poden prepararllles un informe e dállelo nuns días.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que, de todas formas, este é un recoñecemento aos voluntarios que hai, que houbo e que haberá. É un recoñecemento á xente que dedica o máis prezado que teñen nesta vida, que é o seu tempo, aos demais. Polo tanto, el tamén quere agradecer a Ciudadanos a presentación desta moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, o concelleiro presente do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezoito concelleiros presentes na sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. alcalde dáse conta do seguinte asunto:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/3163, o día 20 de abril de 2016, procedente de Adif, en resposta á declaración institucional sobre a conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol, aprobada en sesión ordinaria do 24 de febreiro de 2016. Consta do seguinte teor literal:

“En referencia ao seu comunicado do Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do 24 de febreiro de 2015, signifícolle o seguinte:

- Respecto das melloras das infraestruturas e o trazado tanto dos traxectos A Coruña-Betanzos como de Betanzos-Ferrol (melloras que inclúen un enlace directo, a duplicación de vía, electrificación e melloras das instalacións de control mando e sinalización), consideramos que o trazado existente permite garantir a seguridade e a regularidade do tráfico ferroviario de forma adecuada, tendo en conta o número de circulacións que actualmente realizan o dito percorrido, sen que nos últimos anos se teñan producido incidencias reseñables na dita liña imputable ao seu estado.

Non obstante, as melloras da infraestrutura, é un investimento que se irá abordando dentro da política de mellora continua das nosas instalacións que levamos a cabo dende Adif, investimentos supeditados en todo caso, á limitacións orzamentarias e de prioridade no investimento naquelas liñas que presenten un peor estado de conservación.

- Polo que respecta á creación dun núcleo de proximidade, como se apuntaba no seu comunicado, consideramos que o dito asunto é competencia de Renfe Operadora.”

O Sr. alcalde explica que cre que se lles remitiu este escrito a todos por correo electrónico, dado que foi unha declaración institucional, e considera que na vindeira xunta de voceiros tamén deben tratar este tema, e non asumir sen máis a resposta que se lles deu. Se lles parece ben, na próxima xunta o tratarán.

4.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/3265 o día 23 de abril de 2016.

1º Segundo un recente estudo da Consellería de Sanidade, un de cada tres nenos galegos de entre 6 e 15 anos presentan exceso de peso ou obesidade, o que pon de manifesto a necesidade de actuar de maneira proactiva neste ámbito. Por iso, en abril de 2013, o Parlamento de Galicia instou á Xunta de Galicia, a través dunha proposición non de lei en pleno a que *“se elabore e se poña en marcha un plan de loita contra a obesidade infantil, aliñado coa estratexia da Organización Mundial da Saúde, a Unión Europea e o Goberno do Estado que, liderado pola Consellería de Sanidade e coa colaboración de todos os departamentos da Xunta de Galicia que sexa preciso, permita garantir o mellor nivel de saúde presente e futura dos nosos nenos e nenas”*.

Razóns que motivaron que pola Xunta de Galicia, se creara o denominado Plan “Xermola”, sorte de estratexia galega para a prevención da obesidade que, con carácter multisectorial, multidisciplinario e adaptado ao contorno social e cultural, ten por obxectivo frear o problema da obesidade e do exceso de peso na xuventude e na infancia dos galegos.

O dito plan concrétese en 34 intervencións agrupadas en 13 liñas de acción dentro das 5 estratexias que son: a normativa (con actuacións dirixidas ao ámbito escolar, sanitario, comunitario e municipal); a participativa (para promover a intervención activa da cidadanía); a referida á innovación e á investigación (dirixida a consolidar un tecido de investigación en obesidade e a fomentar a innovación tecnolóxica en saúde); a de vixilancia (para dotar de coñecemento aos responsables do desenvolvemento do plan); e a de información e formación (para formar, entre outros, á comunidade en materia de saúde, ou a colectivos específicos). Entre os seus fins destaca a obtención dun protocolo de intervención no ámbito municipal e comunitario que pñer en marcha nos municipios galegos como Cambre.

Ante a importancia da implantación do Plan Xermola no noso municipio, dende o Grupo Municipal Popular solicitamos da concelleira delegada en materia de Protección Civil, Policía Local e Sanidade que tras informar en sesión plenaria sobre as intencións e actuacións para retomar os traballos xa iniciados do Plan Xermola, se retome o dito plan para a súa aplicación efectiva no noso municipio.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, explica que o Plan Xermola implantouse durante o curso 2014-2015, sendo pilotos os concellos de Fene e Cambre. A intención das Concellerías de Educación e Sanidade é continuo no seguinte curso escolar, para iso, antes de finalizar este curso vanse reunir coas direccións dos centros escolares implicados e co persoal do centro de saúde, para facer un plan de actuación cara ao comezo do vindeiro curso e ver a dispoñibilidade do persoal, xa que o fan de forma altruísta. Algún traballo o farán no seu horario de traballo e outro fóra do seu horario de traballo.

Conclúe reiterando que a súa idea é continuar.

Dona Mª Jesús González Roel, concelleira do PP, agradece a resposta e di que se alegra de que o continúen, pola importancia do Plan Xermola. Era un programa piloto, e na provincia da Coruña desenvolveuse en Cambre e Fene, despois noutras provincias elixiron outros concellos, e realmente está demostrado que a obesidade infantil é un problema actual e un gran problema de saúde para o futuro.

2º No pleno ordinario do pasado mes de marzo, o Grupo Municipal Popular solicitaba do equipo de goberno a notificación da convocatoria a todos os membros da Corporación municipal, persoalmente ou a través do voceiro do grupo a que pertenza, da celebración de todo acto promovido, realizado ou celebrado polo mesmo, con polo menos 48 horas de antelación á súa realización, de forma que se permitira na medida das obrigas e compromisos profesionais e familiares, a asistencia dos distintos membros da Corporación aos actos e eventos programados polo noso concello.

Dende o grupo de goberno admitíronse os problemas advertidos e adquiriuse o compromiso de actuar conforme co solicitado polo noso grupo.

Días máis tarde de adquirir o dito compromiso, celebrouse unha pequena homenaxe a un dos veciños de Cambre falecido no accidente de rallye do pasado ano, ao que o noso grupo, como imaxinamos o resto de grupos da Corporación, lle tivera gustado ter representación en sinal de lembranza e respecto e ao que non fomos, non só invitados, senón nin sequera informados.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se solicite do equipo de goberno o cumprimento do compromiso adquirido no último pleno ordinario, de forma que poidamos cumprir co deber de asistir aos actos nos que exista presenza institucional do noso municipio.

O Sr. alcalde contesta que, como ben dixo o Sr. Rivas, acto promovido, realizado ou celebrado polo equipo de goberno, e eles non fixeron ese acto, eles foron invitados a un acto, que é distinto, eles non promoveron nin fixeron ese acto, por iso non foi invitado nin o PP nin o resto dos grupos municipais. Eles foron como invitados, e como tales levaron un ramo de flores á nai dese rapaz. Foi así, nin se esqueceron esta vez, nin o fixeron tarde, simplemente eles foron uns invitados, foi por iso, nada máis.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que el entende que ao mellor neste caso non foi o concello o que organizou o acto, pero a el particularmente doeulle ver na foto a todo o grupo de goberno, ou á maioría do grupo de goberno, e non do resto da Corporación, porque tanto o Sr. García Patiño como el mesmo o viviron en persoa o día do rallye, nos tanatorios, tanto en Cambre como en Carral, acompañados do presidente da Xunta, e a el, a verdade, ao mellor a outros actos non lle tería importado tanto, pero a ese doeulle de verdade non ir. Di que o sente, e que o Sr. alcalde polo menos podía térllelo notificado, simplemente un correo dicindo que había un acto, e sería a súa decisión, se non está invitado non vai. Pero di que notificárllelo, polo menos, si.

Conclúe dicindo que, de todas as maneiras, se o Sr. alcalde non o organizou, di que o releva de culpa neste caso, pero non no resto dos casos, como sucedeu moitas veces.

O Sr. alcalde manifesta que cre que sempre foron invitados, é verdade que non coa antelación na que se quedou aquí no anterior pleno que tiñan que ter, que é de polo menos 48 horas para avisar aos voceiros, co fin de que poidan asistir e planificar a súa axenda como é debido. Niso están completamente de acordo, pero neste caso ten que entender que non se fixera, porque el o sábado ten unha voda, e se quere vir tamén...

Quere dicir con isto que eles estaban invitados e que non é un tema que fixera o concello, polo tanto, eles non son ninguén para invitar a outros, ten que entendelo. Non é porque non queira que el ou outro saia na foto, iso dálles exactamente igual, sempre o fan, e cre que sempre, ademais, cando asisten aos actos presenta a todos os voceiros aos asistentes, ou cando se fai un recoñecemento a calquera personaxe ou veciño de Cambre, sempre presenta a todos os representantes da Corporación. Neste caso non tiñan ningún problema, nin nada que ocultar, simplemente foi por iso, soamente por iso.

Conclúe dicindo que nin se lle pasou pola cabeza, de verdade, porque eles eran uns invitados máis. Foi así, non houbo ningunha mala intención.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que ten que intervir, sénteo moito, pero é que lle parece de bastante mal gusto, sobre todo no caso do que están falando, que se estea falando da foto que saíu ou non saíu na prensa. Que alguén se senta ofendido por non saír nunha foto no tema do que están falando, parécelle de moi mal gusto. Simplemente quería facer este comentario.

3^o Sobre o convencemento de que todo avance na igualdade de oportunidades implica un progreso na configuración dunha sociedade máis xusta, equilibrada e solidaria; dende as Administracións públicas debemos traballar para que no futuro máis próximo se acaden obxectivos dunha maior igualdade de xénero en todos os ámbitos sociais e profesionais, de xeito que se consiga unha maior xustiza social e un maior benestar persoal e familiar.

Neste marco de actuación elaborouse o I Plan municipal para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes de Cambre, co que se pretendía dar resposta á progresiva incorporación da igualdade como un dos eixes de actuación das entidades locais que permitira cambiar a percepción da neutralidade das políticas públicas non só por parte da cidadanía, senón tamén polo conxunto de todos aqueles que teñen que poñelo en marcha e desenvólvelo (isto é, o persoal técnico e o político).

De aí que o obxectivo xeral deste I Plan municipal para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes de Cambre fora liderar un proceso de cambio social que garantira a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no noso concello. E á vez este plan pretendía servir de ferramenta para planificar as políticas a levar a cabo en materia de igualdade dende o noso concello entre os anos 2011 e 2015.

Para iso, o dito plan articulábase en tres eixes de actuación: a sensibilización, prevención e promoción da igualdade; a participación, o empoderamento e a toma de decisións; e o benestar integral. Eixes de actuación a aplicar en cinco ámbitos de intervención: o socioeducativo, o convivencial, o sociolaboral, o propio da violencia de xénero e o institucional.

O propio plan municipal prevía os mecanismos necesarios para a avaliación dos seus resultados, entre os que se atopaba unha avaliación final que mediría o grao de cumprimento dos obxectivos e resultados agardados, a satisfacción das expectativas e necesidades, así como a visibilidade das novas accións que poidan servir de fundamento para a elaboración dun II Plan municipal para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes de Cambre.

Transcorrido o período de vixencia previsto para o I Plan municipal para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes de Cambre (2011-2015) e tendo sido creada polo novo goberno municipal unha concellería delegada específica en materia de igualdade, descoñécese a día de hoxe cal foi a avaliación final do dito plan e cales son as liñas a seguir en materia de igualdade polo actual goberno municipal, razón pola cal dende o Grupo Municipal Popular se require da concelleira competente en materia de igualdade, que informe ao Pleno sobre o grao de cumprimento dos obxectivos e resultados recollidos no I Plan municipal para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes de Cambre (2011-2015); as liñas futuras de actuación da súa concellería nesta materia e as previsións de elaboración dun II Plan municipal de igualdade.

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira da Área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación, explica que neste momento estase realizando polos técnicos municipais a avaliación e diagnóstico do I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes de Cambre. Está previsto que a dita avaliación finalice en maio, polo tanto, neste momento élle imposible informar ao Pleno do grao de cumprimento dos obxectivos e resultados do citado plan.

En canto ás liñas futuras de actuación, agardará a ter a avaliación e diagnóstico do primeiro plan para a elaboración do segundo. En liñas xerais virá a corrixir as debilidades que poña de manifesto o diagnóstico e avaliación do primeiro.

Don Juan M^a Abalo Castex, concelleiro do PP, sinala que, polo que puideron deducir das súas palabras, estase elaborando, entón, o segundo plan, imaxina que estarán xa na fase de elaboración e estudo. Tal e como tiñan no primeiro plan, entre outros principios orientadores estaba, evidentemente, o compromiso político que se recollía no documento do primeiro plan, no que se salientaba que a vontade política é un requisito imprescindible da Administración local se queren facer efectivas as políticas de igualdade entre mulleres e homes. A vontade política debe concretarse nun orzamento que garanta a viabilidade das actuacións que se propoñen, ambos compromisos facilitarán a corresponsabilidade nas actuacións que engloba ese plan, así como o seu seguimento e avaliación.

Di que isto do compromiso político ten que ver, porque están falando dun plan de igualdade entre homes e mulleres, e dificilmente cren que vai ter viabilidade ese segundo plan se non se ten en conta ese compromiso político, iso cando ven que o propio equipo de goberno non cumpre cunha igualdade real e efectiva entre os seus membros. Como teñen dito xa en varias ocasións en sesión plenaria, hai unha diferenza salarial entre os membros do Goberno. O alcalde, cunha dedicación parcial, ten unha retribución de 32.000 euros, mentres que a concelleira de Servizos e Xuventude, con dedicación exclusiva, recibe uns emolumentos de 24.000. O concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente ten unha retribución de 40.000 euros, mentres que a concelleira de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación recibe 24.000 euros. O concelleiro de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, 27.000 euros, a concelleira de Desenvolvemento Socioeconómico, 24.000, como a concelleira de Protección Civil, Policía Local e Sanidade e a concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo incluídos na Área de Presidencia, tamén con 24.000 euros.

Polo tanto, di que como viñeron demandando e denunciando en sucesivas sesións plenarias, entenden que é o equipo de goberno o primeiro que non cumpre con calquera plan de igualdade, non hai unha igualdade real e efectiva no propio equipo de goberno. Agardan, e dende aquí solicitan, que se corrixa esa situación e que sexa tida en conta no segundo plan de igualdade.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/40 o día 22 de abril de 2016, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Veciños da zona do Temple denunciaron ante o noso grupo municipal as deficiencias no sistema de protección mediante varandas na rúa Constitución, que fan que queden ao descuberto espazos que supoñen perigo de caídas polo desnivel existente. As mencionadas varandas de protección non cumpren, ao noso xuízo, as funcións de seguridade pertinentes, poñendo en risco a integridade física das persoas que diariamente circulan polo lugar, sendo esta unha rúa das máis transitadas do concello, que ademais se atopa nas proximidades dunha gardería infantil.

Pregamos que con urxencia se tomen as medidas tecnicamente necesarias para corrixir a situación e garantir a seguridade das persoas.

O Sr. alcalde explica que este é un dos rogos que tiña asignados a concelleira de Servizos e Xuventude, que contestará por escrito. Non obstante, cre que quere chamalos para ir alí e falar cos comerciantes e veciños, porque respecto deste problema hai unha problemática maior que a que eles entendían que podía haber, pero seguro que Elisa os vai chamar e o ven xuntos.

2º A pesar das múltiples iniciativas presentadas pola existencia de vertedoiros de lixo, unha vez máis temos que denunciar que nas inmediacións da zona de Socampo, próximo ao paso a nivel, estanse a detectar lugares nos que se acumulan refugallo e lixo que xa comezan a conformarse como vertedoiros ilegais.

Este é un problema estendido, tamén, a outros lugares do noso concello, onde é máis fácil burlar o control e vixilancia. Estes feitos non só supoñen un problema de salubridade, senón tamén ecolóxico, que repercute negativamente no medio ambiente, na saúde das persoas e na propia deterioración do contorno natural.

Por estes motivos pregamos se realicen as actuacións necesarias e se eliminen os materiais depositados en espazos públicos e aplicando tamén a ordenanza vixente para este fin, nos lugares privados.

Don Juan González Leirós, concelleiro da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, manifesta que a este rogo non hai moito que dicirle, só hai que darlle trámite, polo tanto, hai que poñerse a isto.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, expón que simplemente quere lembrar que estes temas sempre van redundar nun beneficio para Cambre, non só nos termos nos que se fala no rogo, senón tamén nun aspecto incluso económico, porque un contorno limpo leva consigo unha maior presenza de camiñantes, e iso sempre redonda en beneficio do concello.

Don Juan González Leirós contesta que iso é así. O primeiro que deben de facer é sensibilizar a todo o persoal do concello que anda polas vías, incluso á oposición e ao Goberno municipal, para que cando vaian detectando estes temas, os vaian poñendo en coñecemento. Pensa que eles mesmos son os que teñen que ir facendo un movemento nese sentido.

3º Nas inmediacións da “Curva da Casilla” en Cela, un poste de suxeición de liñas telefónicas está cuberto de abundante vexetación, algo que supón un evidente risco e que fai necesario se extremen as medidas de seguridade e prevención ante a posible caída que, chegado o caso, podería ocasionar danos de consideración tanto para as persoas como a bens materiais.

Con base no anteriormente exposto pregamos se realicen as xestións oportunas ante quen proceda co fin de corrixir a actual situación.

O Sr. alcalde manifesta que contestará a concelleira de Servizos por escrito, pero cre que hai máis de dez días que xa se lle requiriu a Telefónica para facelo, pero xa lles di que se lles contestará a todos por escrito.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/3257 o día 22 de abril de 2016, xunto coa moción e coa pregunta presentadas para este pleno.

1º Debido ao estado de deterioración do camiño paralelo ao camposanto municipal e polo perigo que supón para veciños, peóns ou ciclistas, rogamos informen sobre as medidas e solucións que se poden adoptar para paliar esta situación.

Don Brais Cubeiro Fernández, voceiro suplente do BNG, explica que quere facer un pequeno inciso no sentido de que non sabe se é de titularidade municipal ou privada, ou o que se podería facer.

O Sr. alcalde explica que este rogo tamén o contestará a concelleira de Servizos, pero cre lembrar que este camiño é peonil, de titularidade pública, e que xa mandou á brigada de obras. De momento o que fixeron foi meter unha prancha para que se poida pasar sen ningún tipo de problemas, mentres que non se enche o burato.

Reitera que a concelleira lles contestará por escrito, pero supón que mañá ou pasado mañá xa verán amañado o burato.

2º O pasado día 20 de abril saíu na prensa a adxudicación do contrato de "Traballos de poda e tala na DP-1702 Cambre á Rocha".

Rogamos información por parte do Goberno municipal sobre o inicio da dita poda.

O Sr. alcalde indica que tamén é un rogo da concelleira, non obstante informa que se puxo en contacto con el don Pablo Couto, asesor da Deputación, cre lembrar que foi o venres, para dicirlle que ía mandar un técnico ou técnica da Deputación, para ver se podían facer a poda agora ou se tiñan que agardar a outubro. Están agardando a que lles dean ese informe, aínda que el se teme que van ter que agardar a outubro, porque iso xa está en flor, ou case.

Don Brais Cubeiro Fernández, voceiro suplente do BNG, manifesta que aquí tamén quería facer un pequeno inciso e pedir que intentaran solicitar á Deputación provincial unha maior frecuencia na poda desa zona, como demandan os veciños. Parece ser que é cada 3 anos, incluso saíu na prensa que a última foi no 2013. Solicita que se intente que sexa cada ano.

O Sr. alcalde manifesta que lles parece ben.

3º As zonas verdes ou as zonas habilitadas para cans teñen un uso específico, mais no pasado San Xoán fixéronse cachelas nalgunha destas zonas, en concreto na zona de espaxamento canino que está sita entre O Temple e A Barcala (Paseo dos Templarios, baixo a ponte da AP-9).

Rogamos ao Goberno que informe sobre as medidas a adoptar neste eido ante a vindeira chegada do San Xoán.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, explica que este ano, no punto concreto que menciona o BNG, teñen intención de dar permiso para que se fagan as fogueiras. É unha zona segura por recomendación de Protección Civil e Audasa, que acaba de cambiar os canlóns da ponte da autoestrada. Teñen pensado facilitar un camión de palés para que poidan coller alí, e os días 24 e 25 non se poderían levar os cans a esa zona, pero reitera que se vai dar permiso para facer as fogueiras nesa zona, que é a máis segura.

Don Brais Cubeiro Fernández, voceiro suplente do BNG, sinala que segundo pon a Ordenanza de protección e defensa do medio natural aprobada no ano 1999, este tipo de actuacións non se poderían levar a cabo, de feito a Asociación xuvenil Urbilar fai o San Xoán debaixo da ponte da autoestrada, e non hai ningún problema naquela situación, pero el refírese á zona verde adxacente na que quedan restos, quedan cristais, quedan cravos, e a xente pasa por alí cos cans, hai nenos pequenos tamén. El cre que alí non se dan permisos para facelo, pareceríalle raro que se fixera.

O Sr. alcalde expón que o ano pasado Urbilar fixo alí o San Xoán, fíxoo na zona esa dos triángulos, fixérono todos alí. Algúns tiveron que retirar a fogueira de debaixo da ponte da autoestrada, porque Autoestradas xa viña dicindo que non se podía facer. Agora mandou un escrito, despois de cambiar os canlóns, dicindo que queda totalmente prohibido facelo debaixo da ponte, unha polo tema do lume e outra polo tema do fume, que dicían que era igualmente perigoso. Pero xa di que o ano pasado xa se fixo nese triángulo, por petición do coordinador de Protección Civil.

Explica que o que teñen pensado este ano, ou tiñan pensado dende Protección Civil, era facilitar o tema da leña, como fan na Coruña, que che levan un camión de leña, o deixan alí e a xente a colle e fai as súas fogueiras pequenas. Agás que teñan algún problema, en principio a súa idea é continuar facéndoas alí, polo tema de que non se pode facer debaixo da ponte da autoestrada e, como saben, a outra estrada é privada.

Don Brais Cubeiro Fernández solicita, entón, que se leve a cabo unha mellor limpeza da zona logo de que se

celebre o San Xoán, porque sempre quedan restos e poden ser perigosos.

O Sr. alcalde responde que quedan poucos, e dille, de verdade, que se quedaron, quedaron moi poucos, porque Protección Civil foi por alí despois, a facer unha limpeza. O que pasa é que a xente protestou porque está acostumada a levar os cans todos os días, e xa protestan porque un día non os poidan levar, porque o San Xoán é pola noite.

Rogos de C's presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/3246 o día 22 de abril de 2016.

1º Intervención na superficie de xogo do polideportivo dos Campóns.

O grupo municipal de C's-Cambre recibiu diversas queixas por parte de usuarios do polideportivo dos Campóns. Unha vez inspeccionadas in situ as deficiencias referidas, puidemos comprobar que, basicamente, focalízanse no tamaño que teñen acadado as xuntas de dilatación e no desnivel que presentan algunhas placas en relación coas adxacentes.

En actuacións anteriores para emendar problemas similares no pavillón de Brexo-Lema, optouse polo recheo das xuntas e posterior nivelado, solución esta que non ten sido satisfactoria, recibindo este grupo queixas sobre a citada reparación.

Por todo o anterior, o grupo municipal C's-Cambre roga:

Se interveña á maior brevidade para corrixir as anomalías referidas evitando solucións como a referida.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro da Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, explica que este problema concreto do pavillón dos Campóns está detectado, e van pedir un informe aos técnicos de Servizos para ver se é posible dar unha solución inmediata, aínda que non sexa a definitiva, claro, para as irregularidades que presentan as xuntas do formigón.

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que ela quere facer fincapé na carencia de instalacións para a práctica da patinaxe que hai en Cambre. Teñen moito campo de fútbol, moita pista todo terreo, pero teñen unha gran canteira de patinadores artísticos e xogadores de hóckey que non dispoñen doutra alternativa. Se non poden xogar aquí, terán que xogar os partidos como locais na Coruña, e iso está sucedendo tamén cos de béisbol, que teñen que xogar en Acea da Má.

Por iso querían aproveitar este rogo para rogarlles un pouco de urxencia, porque economicamente tamén lle supón a Cambre uns ingresos o feito de que veña xente doutros municipios a xogar e patinar aquí.

Don Ramón Boga Moscoso contesta que o terán en conta.

2º Eliminación de barreiras arquitectónicas nos polideportivos.

Ningún dos catro polideportivos de xestión municipal cos que conta Cambre reúne as condicións idóneas para o seu goce por persoas con capacidade de mobilidade limitada sen que presente ningún tipo de problema.

Este informe, sen querer ser exhaustivo, trata unicamente do aspecto da accesibilidade ás instalacións. As deficiencias son variadas. Nun dos casos afectan a quen acude como espectador, noutros como usuario, noutros presentan problemas de estacionamento...

É interese do grupo municipal de C's-Cambre poñer de manifesto esta situación co fin de que o Goberno municipal tome as medidas oportunas para solucionar estas deficiencias para converter nun futuro próximo a Cambre nun lugar sen barreiras.

- Pavillón Sofía Toro: Conta con rampla de acceso ao interior que conduce ata a zona de bancadas. O acceso a vestiarios ten que realizarse polo portalón lateral de acceso á pista. A zona de estacionamento, afastada da entrada e conectada con esta por unha pendente pronunciada, atópase rodeada por un beirado.
- Pavillón de Brexo-Lema: A zona de estacionamento atópase correctamente situada e o acceso non presenta inconvenientes para persoas con mobilidade reducida. O tránsito ás bancadas e aos vestiarios presenta chanzos. As bancadas, estreitas e sen zona de circulación non permiten o acomodo de cadeiras de rodas. Non existen espazos alternativos ás bancadas no interior das instalacións.
- Pavillón dos Campóns: Zona de aparcamento situada correctamente pero coa beirarrúa lixeiramente elevada e presenta necesidade de repintado. O acceso á bancada realízase por catro puntos, todos eles presentan chanzos. Acceso a vestiarios pola porta de deportistas a nivel da rúa.
- Pavillón do Temple: Localización da praza de aparcamento afastada da entrada; ao outro lado do pavillón. Rodeada dun beirado.

Dende as intervencións máis económicas -pero non menos importantes- tales como a eliminación de beirados, substitución de zonas de aparcamento, repintado e sinalización, ata as máis custosas, como poden ser os casos de intervención nos Campóns e Brexo –que requiren unha actuación nas bancadas- non resultan excesivamente gravosas para o concello e deben ser obxecto de actuación á maior brevidade posible.

Por todo o exposto, o grupo municipal de C's-Cambre roga ao Goberno municipal que poña en marcha as actuacións pertinentes para solucionar as deficiencias detalladas.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro da Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, contesta que respecto dos problemas de accesibilidade das persoas con mobilidade reducida, téñenos perfectamente identificados e irán acometendo unha serie de solucións de forma paulatina, coa máxima rapidez e dilixencia posible.

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), explica que no seu grupo o que quixeron é ofrecerlles puntos concretos para actuacións concretas, que non fora algo xenérico, e dalgunha maneira facilitarlles o traballo, concluíndo cales son os puntos que agora mesmo eles consideran que requiren unha actuación inmediata. Por iso o teñen detallado así, para que poidan ir ao punto do problema exacto.

O Sr. alcalde agradece o formato que trae o rogo, identificándoo coas fotografías. Di que para o grupo de goberno todo aquilo que traia fotografías sempre os axuda moito máis. Reitera o seu agradecemento polo formato deste rogo.

4.3. Preguntas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/3266 o día 23 de abril de 2016.

1^a Nos últimos meses foron numerosas as queixas recibidas polo Grupo Municipal Popular respecto do estado de abandono no que se atopa a nave industrial ocupada pola empresa Lambda, na cambresa parroquia de Pravio.

As queixas refírense fundamentalmente ao perigo que supón o estado no que se atopan tanto os seus elementos construtivos como fundamentalmente o portalón e resto de accesos á nave; as ventás e os seus pechamentos que, debido ao seu estado, permiten a entrada no inmovible co evidente perigo para a seguridade das persoas. A iso debe engadirse, entre outras deficiencias advertidas, a vexetación que invade o terreo; os materiais abandonados; os entullos acumulados; elementos todos eles que xa de por si, individualmente considerados, denotan o manifesto estado de inseguridade e insalubridade na que se atopa o inmovible, pero que sumados esixen a adopción de medidas por parte do noso concello.

De aí que, tendo en conta as competencias e responsabilidades municipais en materia de urbanismo, entre as que se atopan a xestión, execución e disciplina urbanística, dende o Grupo Municipal Popular se solicite do concelleiro competente en materia de urbanismo informe sobre o estado no que se atopa o mencionado inmovible así como sobre as medidas previstas dende o dito departamento para corrixir as deficiencias e perigos advertidos.

Don Juan González Leirós, concelleiro da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, contesta que o peche desta nave produciuse en xuño do 2006, polo tanto hai 10 anos. Aproximadamente no mes de marzo un veciño chamounos para expoñerlles este tema. O 26 de marzo foi a Policía municipal a levantar unha acta, e despois do proceso houbo unha notificación aos propietarios do Banco Popular o 31 de marzo do 2016. Atopáronse en medio co inconveniente de que o Banco Popular xa non é o propietario, e houbo que buscar ao novo propietario. A día de hoxe xa está o informe xurídico para ordenar a ese novo propietario que tome as medidas oportunas.

Di que precisamente hoxe pola mañá, por unha notificación de Servizos, viron o portal, as deficiencias, e foron valalo para que non houbera problemas. Conclúe dicindo que este é o proceso que teñen seguido e que agardan que se resolva pronto, así o desexan.

2ª Nos primeiros días do mes de abril produciuse un vertido no lugar da Gándara que alertou aos veciños do lugar e provocou a mobilización de efectivos da Policía Local, da brigada, dos servizos do 112 e de responsables de Augas de Galicia.

Ante a inqueda dos veciños e a ignorancia de cales foron os resultados das análises efectuadas polo organismo autónomo Augas de Galicia, dende o Grupo Municipal Popular solicítase do equipo de goberno informe sobre os vertidos soportados e as súas consecuencias, así como do resultado da analítica efectuada.

Don Juan González Leirós, concelleiro da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, contesta que non é alago, é o seu traballo, pero quere dicir que precisamente quen denunciou o vertido foi el, porque pasaba pola Gándara. Explica que iso foi unha sorte, porque nese momento eles mesmos chamaron a Oleiros, chamaron ao 112 e chamaron a Augas de Galicia. Ao final conseguiron que Augas de Galicia viñera para tomar as mostras, porque senón non terían dado co vertido. Ao mesmo tempo, mobilizaron á Policía municipal e ao equipo de Servizos, á brigada, foron río arriba e foron investigando o proceso. De aí téñense sacado unhas conclusións.

As mostras de Augas de Galicia chegaronlles cre que foi hai tres días e amosaron que efectivamente hai vertidos non aconsellables, pero que tampouco son graves. O enxeñeiro técnico municipal vai ir a dúas empresas a comprobar o sistema de recuperación, porque é unha cuestión de axustes. Saben como funciona a depuración, son uns bichos que se comen a outros. Iso non está axustado e hai que axustalo.

Conclúe dicindo que nesa operación están e que, ademais, é un tema que lles preocupa moitísimo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que ía facelo despois do pleno, pero como están falando dos vertidos vai aproveitar xa para informar de que hoxe houbo outro vertido na ría, que vén do río San Pedro, do regato de San

Pedro. Hai un mes, aproximadamente, houbo outro máis, do cal lles avisaron de noite e foron capaces de detectalo. Probablemente é vertido de gasóleo, o cheiro é a gasóleo, e hoxe, xusto antes do pleno, estivo cos policía locais e coa Garda Civil, que están intentando localizar o novo vertido, pero parece que vén de augas arriba.

Di que mañá Protección Civil vai limpar onde está o polígono do Temple, ao final do polígono, que é onde se detectan os olores que logo aparecen na ría. Van limpar iso, e o que se temen é que se trate dalgunha empresa ou algunha persoa que baleira tanques, e que xa o está collendo por costume, porque é a segunda vez nun mes.

3ª Entre os servizos que todos os municipios deberán prestar, por si ou asociados, en todo caso, conforme co previsto no artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atópase a limpeza viaria, o acceso aos núcleos de poboación e a pavimentación de vías públicas. Así mesmo, o artigo 25.2.d) do mesmo texto legal atribúe aos municipios a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

De igual forma o noso concello, como garante dos dereitos dos seus veciños, debe velar porque as administracións titulares dos viais ou responsables do mantemento e mellora das diferentes infraestruturas existentes no noso municipio, se realicen correctamente.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao equipo de goberno cando se van pintar os pasos de peóns da rotonda existente nos Campóns, á altura do Hostal Alba; así como na estrada AC-214 entre Pravio e Catro Camiños, unha vez finalizadas as obras financiadas co Plan de aforro e investimento provincial, cando se van terminar as beirarrúas, vanse colocar as marquesiñas das paradas de bus e vaise levar a cabo o pintado dos pasos de peóns.

O Sr. alcalde explica que esta pregunta será contestada pola concelleira de Servizos e Xuventude, pero anticipa que teñen o compromiso da Deputación de pintar un paso de peóns onde está o Mesón Alba, cara a Casa Celia, e despois de Casa Celia, onde está o cruzamento, outro paso de peóns. Teñen o compromiso da Deputación de que o van facer de forma inmediata. Son eses dous pasos de peóns, antes e despois do Mesón Alba, e a idea é que nesa rotonda, igual que se fixo agora en Lema, queden habilitados os pasos de peóns en toda a circulación.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/40 o día 22 de abril de 2016, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª Xa non é a primeira vez que se eleva ao Pleno o problema existente no camiño público que transcorre dende a estrada DP-1704, denominado na ficha do inventario de bens do concello como "Graduil-Graduil" co número 182, onde existe un muro de cachotería na súa marxe dereita que presenta deficiencias no seu estado de conservación, provocando en moitos casos o desprendemento de pedras que invaden o viario co conseguinte perigo para a circulación.

Polo exposto, preguntamos ao Goberno se existe algún proxecto para resolver o problema que dende hai anos vén sendo unha demanda veciñal.

Don Juan González Leirós, concelleiro da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, contesta que non detectaron proxecto ningún, pero si hai un compromiso de que mañá mesmo van ir ver o asunto e van poñelo en funcionamento. Cando teñan a cuestión detectada, chamaraos e dirállelo.

2ª En anos anteriores, ao comezo do verán os camiños do concello presentaban un estado lamentable de coidado, resultando perigoso para a circulación rodada e peonil, motivado na abundante maleza que os invade,

inflúndo na visibilidade, incrementando o perigo de accidentes, e tamén o risco de incendios.

Que actuacións ten previstas o Goberno local respecto da contratación para o acondicionamento destas infraestruturas de titularidade municipal?

O Sr. alcalde responde que está pregunta a contestará por escrito a concelleira de Servizos e Xuventude, pero dilles que o contrato era de dous anos e está en vigor, o que non sabe é o que lles ía contestar a Sra. concelleira sobre cando vai empezar. En todo caso, mañá, ou como moi tarde pasado, todos recibirán a contestación.

3ª Dando por feito que os traballadores municipais xa teñen pasado o curso de PRL que ten que facilitar o concello, como ente contratante segundo os artigos 18 e 19 da Lei de prevención de riscos laborais do 8 de novembro, dende o noso grupo preguntamos:

Que outros cursos formativos específicos de posto ou de reciclaxe se están a ofertar aos traballadores tal e como di o artigo 4, apartado 2 epígrafe b) do Estatuto dos traballadores e queda reflectido na Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, artigo 14, epígrafe f)?

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro da Área de Recursos Humanos e Servizos Sociais, contesta que o Concello de Cambre, ao ter menos de 200 traballadores, ten contratada a Mugatra, unha empresa que é a que leva todo o tema de prevención de riscos laborais, e os traballadores, dependendo do departamento en que estean traballando, acoden aos correspondentes cursos de formación de prevención de riscos laborais. Hai cursos para traballadores en altura, de manipulación de camión con guindastre e condutores de vehículos de transporte, manipulación de cargas, protección individual, mobilización de enfermos, riscos laborais e dereitos e obrigas dos traballadores, e cursos básico e intermedio de prevención de riscos laborais.

Non obstante, no último ano nos se apuntou ninguén aos cursos de Mugatra, xa que ultimamente os funcionarios do Concello de Cambre están preferindo apuntarse aos cursos de formación doutras entidades, como pode ser a Deputación da Coruña, que ten un plan de formación que consideran que é bo, que lles permite incluso propoñer cursos a realizar. Os policía e Protección Civil acoden á Academia Galega de Seguridade Pública. Tamén hai cursos para funcionarios da Fegamp e da Escola Galega de Administración Pública, que ten un departamento para Administración local.

Ata o de agora a todos os traballadores que teñen solicitado permiso, no Departamento de Persoal non lles consta que se lles teña negado, acoden libremente. Se queren as listaxes da xente, dilles que pode facilitarllelas, e que poden falar cos funcionarios de Persoal, que están á súa disposición. El ten as listaxes dos cursos de prevención de riscos laborais, nada máis, os outros non os ten porque había que ir á Policía, a Protección Civil, pero, se os queren consultar, reitéralles que están á súa disposición.

Pregunta do BNG presentada por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 0/3257 o día 22 de abril de 2016, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

- Estase a realizar unha obra na estrada Cambre-Pravio e descoñecemos se o cruzamento que vén dende O Drozo (zona taller) e vai saír á estrada xeral vai contar cunha beirarrúa.

Semella que un treito vai ficar sen ela e así quedará desconectada do resto da rede, polo que vai producir problemas aos viandantes. É por isto que lles facemos a seguinte pregunta:

Que solución se contempla para reparar esta situación?



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Don Juan González Leirós, concelleiro da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, contesta que é certo, o proxecto non contemplaba nin o paso nin a continuidade da beirarrúa nese punto, estrañamente.

Di que, como hai que darlle unha solución, váiselle dar unha solución, que é cruzar cun paso de peóns ao outro lado, facer un paso de peóns alí, e cruzar á outra beirarrúa que chega abaixo. Ademais, parece que á xente lle gustou o da continuidade, e parece tamén que están animados a ceder, verán a ver.

Tamén é certo que noutro punto tampouco se dá continuidade coa estrada da Estorrentada, co cal queda aí un paso que é un problema. Van ver se cun proxecto complementario ou algo lle poden dar outra solución, para que quede conectado dunha forma razoable dende arriba ata abaixo.

Antes de finalizar a sesión, o Sr. alcalde informa que xa quedou arranxado o tema do problema da rotura de auga en Anceis, e que tamén lle acaban de comunicar que apareceu un veciño da rúa Curros Enríquez que estaban buscando porque levaba desaparecido dende onte ás dúas da tarde, polo tanto, unha boa noticia.

Por último, di que lles pregaría aos voceiros dos grupos que se quedarán ao finalizar este pleno para fixar a data e hora da xunta de voceiros extraordinaria da semana que vén.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e corenta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica M^a Otero López